

**PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DESENVOLVEMENTO
LOCAL NO EIXO ATLÁNTICO: Monforte e Chaves.**

COORDENADORES

**Xosé M. SOUTO GONZÁLEZ
Raul Jorge MARQUES**

Coordenación:

Xosé M. SOUTO GONZÁLEZ e Raul Jorge MARQUES

Autores:

FERRÁS SEXTO, Carlos

LORENZO VILA, Ana

MARTÍNEZ LÓPEZ, Miguel

HERRERO ALBARRÁN, Beatriz

MARQUES, Raul Jorge

SOUTO GONZÁLEZ, Xosé M.

ISBN: 84-688-2245-0

D.L.G: VG-515-2003

Imprime:

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

ÍNDICE

PRESENTACIÓN	9
1.- O Eixo Atlántico como unha cidade-rede situada nun grande xardín eurorexional	17
<i>Carlos FERRÁS SEXTO</i>	
1. Introducción	17
2. Unha grande urbe situada nun auténtico xardín	19
3. Unha Cidade da Imaxinación, da Natureza e do Patrimonio	26
2.- A participación social na transformación do territorio	35
<i>Ana LORENZO VILA e Miguel MARTÍNEZ LÓPEZ</i>	
1. Urbanismo e participación: a razón democrática nos espazos do conflito social	36
2. Experiencias galegas no espello	53
3. Suxestións para provocar prácticas participativas na universidade urbana	63
3.- O desenvolvemento local: concepto e experiencias conhecidas	87
<i>Raul Jorge MARQUES</i>	
1. O local: um lugar de aspirações?	89
2. As problemáticas do desenvolvemento local	95
3. Instrumentos para o desenvolvemento local	107
4. O desenvolvemento local-rural no Vale do Ave	111
4.- Os casos de Monforte de Lemos e Chaves.	
Unha potencialidade esmorecida	147
<i>Xosé M. SOUTO GONZÁLEZ e Beatriz HERRERO ALBARRÁN</i>	
1. A potencialidade dos recursos endóxenos en Monforte	153
2. A revalorización do papel estratégico da fronteira: o exemplo de Chaves	175
ANEXO 1	201
ANEXO 2	205

Agradecementos

Revisión lingüística de galego, Marta Souto González

O estudio que aparece sobre Chaves e Monforte non sería posible sen a axuda e colaboración desinteresada dalgunhas persoas que traballan nestas localidades. Os e as veciñas do Lemos e da rexión flaviense facilitaron o noso labor de redacción do capítulo 4. Dar conta de todas estas persoas sería imposible. Algunhas aparecen no anexo 2 do capítulo 4, pois foron convidadas ás taboas de debate, outras, como Eva Fernández, Fernando Varela, Lidia Pinta, Rodrigo Moreira, Isabel González, Alejandro López ou Francisco Chaves facilitáronnos datos ou interpretacións da vida en Chaves e Monforte que nos foi de gran utilidade. A todas e todos os que citamos agora ou no anexo 2, así como as persoas esquecidas pola mala memoria, moitas gracias.

Presentación

Xosé Manuel Souto González

Profesor invitado Universidade de Santiago de Compostela.

Os procesos de globalización da economía mundial, así como a enorme expansión dos medios de información de masas, mudou o papel estratéxico dos territorios. As alianzas entre estados e empresas multinacionais deu lugar a unha nova configuración de centros económicos que rexen as finanzas planetarias. A tríada de Estados Unidos, Xapón e Unión Europea configuran os eixes rectores das principais decisións que afectan á circulación de produtos -materiais e inmateriais- e persoas.

Pero este proceso, como sinalamos en anteriores publicacións (Souto González et al., 1999, 2001), non exclúe a importancia que posúe o medio local. Pola contra, refórzao, pois os centros urbanos locais son os puntos de expansión do sistema capitalista internacional, que aseguran uns niveis de consumo e interrelación. As redes do ciberespacio teñen os seus alicerces nas conexións entre as grandes cidades do Atlántico Norte e do espazo septentrional do Pacífico. Polo mesmo, o sistema de cidades tense que facer visible, para atraer investimentos, recibir innovacións tecnolóxicas e acoller turistas, que deixan divisas ou favorecen o seu propio consumo interno. É a lóxica irrefutable do sistema hexemónico.

Por outra banda, a presenza de desigualdades rexionais, en diferentes escalas espaciais, pode facilitar o establecemento de empresas -pola diferenza salarial-, ou pola contra pode ser un obstáculo ao crecemento económico, pola necesidade de subvencionar certas actividades para que non se produza unha revolta social. Por iso mesmo, na Unión Europea existe unha atención especial ás áreas agrarias, aos espazos antaño fronteirizos e ás áreas máis deprimidas, como podemos observar nos fondos e accións xestionadas desde a Comisión: FEOGA, FSE e FEDER, cos programas de seu, como é o caso de INTERREG.

Neste senso xorden iniciativas como a Europa das Rexións e máis concretamente o "Arco Atlántico", que engloba os espazos periféricos, situados sobre as beiras deste océano, que teñen problemas de accesibilidade para conectarse fisicamente cos centros económicos da denominada "banana azul". Un proxecto que deu lugar a unha escasa rendibilidade socioeconómica, pero que dirixiu os seus esforzos en facer "visible" este espazo para o resto do mundo; incluso materialmente a través de audiovisuais.

Xunto á preocupación das autoridades da Unión Europea xorden as expectativas das autoridades locais, que procuran situar as súas cidades e municipios no cerne das decisións económicas e políticas. Así temos que interpretar o nacemento do pacto político do Eixo Atlántico, constituído primeiro por 13 concellos de Galiza e Norte de Portugal e posteriormente ampliado a 18 municipios no ano 1997.

Igualmente un dos elementos que definen a estratexia do pacto local é facerse visible no exterior. A este obxectivo colaboramos a través de diversas publicacións que pretenden crear as bases dunha identidade territorial (xeografía e historia dos territorios do Eixo) e tamén esbozar os trazos esenciais dos produtos ambientais e culturais que poden ser o xermolo dun desenvolvemento local, ensarillado sen dúbida no funcionamento económico da economía global. Apareceu así un estudio de mercadotecnia territorial, que se complementou con dous estudos máis técnicos sobre infraestructuras de transporte do Eixo e os equipamentos turísticos (Pardellas de Blas et al. 2000, 2002).

Temos, xa que logo, esbozado un primeiro escenario das características do espazo noroccidental peninsular, artellado a través do sistema urbano de dezaioito concellos, con cadanseu centro urbano e propia área de influencia. As diferencias de poboación, actividade económica, funcionalidade social e dinamismo, poden transformase en desigualdades, o que dará lugar aos efectos perversos antes aludidos. Por iso parece necesario ter en conta diferentes perspectivas de desenvolvemento local e non tracear un modelo homoxéneo para o que é diferente.

Precisamente este é o obxectivo do presente volume. Dar conta das posibilidades de desenvolvemento local de dous municipios pequenos demograficamente, e grandes en superficie, ensarillados nunha dinámica que teña en consideración as necesidades sentidas pola poboación. Un modelo de crecemento que considere os recursos humanos e tamén os materiais, entre os que subliñamos os derivados da acción ecolóxica, pois isto permitirá o aproveitamento dunha paisaxe específica e facilitará un desenvolvemento sustentable.



Chaves: as pedras da Historia e os cristais transparentes do futuro

Un primeiro capítulo, breve pero necesario, procurará repensar as formulacións teóricas xa coñecidas por libros anteriores, á luz do funcionamento das propias institucións do Eixo e dos cambios xeográficos ocorridos na eurrrexión, onde os cambios das actividades económicas, dos medios e infraestructuras de transporte, da consideración do ambiente como recurso e do capital humano provocou unha reorganización substancial do sistema urbano. Asemade, preséntase un modelo ideal de crecemento e ordenamento territorial, que ofrezca unha resposta axeitada ás condicións derivadas do proceso de urbanización sobre un medio fortemente humanizado desde milleiros de anos. Unha cultura milenaria, que cómpre protexer das ameazas do crecemento incontrolado, lonxe da acción racional derivada da lexislación dos poderes representativos da soberanía cidadá.

A continuación aparece un capítulo que presentará as perspectivas teóricas do que se entende por participación cidadá e democrática na construción territorial. Son os dereitos dos pobos por decidiren o seu futuro territorial, por xerar un modelo que sexa acorde coas posibilidades do medio e das necesidades sentidas. Un capítulo que se pecha con


referencias a experiencias concretas que teñen por marco espacial diversas cidades da eurrrexión do noroeste peninsular. Nos libros anteriores, especialmente nos de Xeografía e Historia no Eixo Atlántico, preguntámonos pola capacidade de identidade simbólica deste pacto político que xurdiu en 1992. Os traballos de campo mostraron que a sensibilidade era desigual segundo os concellos e as persoas entrevistadas, de tal xeito que era evidente o descoñecemento en cidades pequenas do interior, que, como observamos no caso de Monforte, non entendían moi ben a constitución desta asociación intermunicipal. Por iso cómpre profundizar nas estratexias de participación cidadá.



En terceiro lugar, aparece un estudo monográfico sobre o concepto de desenvolvemento local, especialmente útil para definir as interrelacións entre a expansión da cultura urbanística e as resistencias do mundo rural. Unha oposición que hoxe non é real, pero que funciona como simboloxía dun pasado nostálxico e, o máis importante, acocha diferentes intereses

e lóxicas pouco transparentes. Por iso resulta imprescindible definir teoricamente o desenvolvemento local e ver a súa incardinación en institucións políticas, entre as que tamén se contan ás situadas no espacio rexido polas cidades do Eixo. Como logo comprobaremos, os estudos teóricos vannon permitir avaliar as estratexias levadas a cabo nalgúns concellos e áreas comarcais, como vai ser o caso do Val do Ave, analizado neste capítulo.

Por último imos ofrecer os resultados dun traballo de campo efectuado sobre Chaves e Monforte de Lemos, co gallo de corroborar as hipóteses que se desprenden dos capítulos anteriores. Un modelo territorial



de seu, consecuencia dos intereses hexemónicos sociais no proceso histórico, que non sempre foi o axeitado para as condicións ambientais e para dar resposta ás necesidades sociais. Un espacio que é posible organizar á partir da participación cidadá, como corresponde cun planeamento estratéxico e territorial democrático, para o que existen técnicas de traballo que o fan posible. Un espacio que ten que descubrir as súas posibilidades de desenvolvemento, tanto na capacidade do medio local como no seu contorno económico global. Un espacio que se vai modelando a partir da intervención de axentes sociais, económicos, políticos, culturais... que se ensarillan na dinámica institucional.

Sen dúbida a análise do realizada en Chaves e Monforte pon de manifesto a dificultade de levar adiante un proceso de participación cidadá e desenvolvemento local. As persoas que colaboraron vivían basicamente no centro urbano dos municipios e pertencían ao que podemos denominar sector máis ilustrado da poboación. Pero quixemos mostrar que era posible empezar a albiscar o futuro cunha metodoloxía de debate racional, pois vivimos tempos en que a cesura entre as institucións públicas e as percepcións das e dos veciños aumentan por momentos. Unha separación que corre o risco de rachar co diálogo necesario para levar adiante os proxectos de conservación ecolóxica do medio, axeitada expansión urbanística e desenvolvemento económico, alicerces sobre os que se apoia o desenvolvemento sustentable. En Monforte e Chaves comezamos unha nova andaina nos estudos do Eixo Atlántico e esperamos que faga agromar unha nova xeira da acción política local.

Referencias bibliográficas:

PARDELLAS DE BLÁS, Xulio X. (dirección). *Plan de infraestructuras do Eixo Atlántico*, Vigo: Eixo Atlántico e Deputación de Pontevedra, 2000, 210 páxinas + mapas.

PARDELLAS DE BLÁS, Xulio X. et. al. *Abordagem á actividade turística nas cidades do Eixo Atlântico*, Vigo: Eixo Atlántico, 2002, 216 páxinas.

SOUTO GONZÁLEZ, Xosé M. (coord). *Xeografía do Eixo Atlántico*, Vigo: Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, 1999, 200 páxinas.

SOUTO GONZÁLEZ, Xosé M. (coord). *A Historia no Eixo Atlántico*, Vigo: Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, 1999, 272 páxinas.

SOUTO GONZÁLEZ, Xosé M. (coord). *Planeamento estratéxico e mercadotecnia territorial*, Vigo: Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, 2001, 165 páxinas.

1.

O Eixo Atlántico como unha cidade-rede situada nun grande xardín eurorrexional

Carlos Ferrás Sexto

Universidade de Santiago de Compostela.

1. Introducción.

A integración da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal no funcionamento da Unión Europea, permite a súa análise como un país urbano en relación co seu desenvolvemento territorial na conformación dun mundo globalizado. Coido que a definición dun modelo territorial global debe ser considerado como un referente obrigado na definición das directrices de planeamento que se diseñen para Eurorrexión. Para isto se presenta o ideario da *Cidade situada nun xardín* como modelo desconcentrado ou de cidade-rede global, é dicir, dunha cidade aberta polinuclear de ámbito rexional emprazada nun medio natural coidado como un verdadeiro xardín; sería a definición dun ideario de cidade ecolóxica ou de "Cidade no Xardín".

Os cambios sociais e territoriais experimentados en Galicia e no Norte de Portugal nas últimas décadas, aparecen ensarillados no proceso de globalización económica, pois permite a deslocalización das actividades productivas que deixan de concentrarse nas grandes metrópolis e cidades centrais e buscan lugares alternativos en rexións rurais e pequenas cidades, e tamén xera fluxos de poboación e de recursos cara ao campo e pequenos asentamentos urbanos e rurais a través dos avances en materia de telecomunicacións e tecnoloxías da información que permiten ás familias "habitar o espacio", é dicir, residir e traballar en lugares fisicamente separados e trasladarse facilmente dun ao outro empregando densas redes de estradas e os cada vez máis cómodos e rápidos vehículos de transporte. Incluso na sociedade globalizada a información pode fluír rapidamente no espacio sen atrancos físicos, polo que as rexións illadas e periféricas e os espazos rurais perderán a con-

dición de ser espacios marxinais. Por exemplo, na sociedade global unha persoa que viva nunha aldea, vila ou cidade illada do Geres, ou en calquera vila ou pequena cidade da Eurorrexión, adicada a dirixir unha casa de turismo rural ou hoxpedería urbana, ou incluso a dirixir unha explotación agroecolóxica ou unha pequena industria familiar ou artenal poderá estar rápida e ben informada respecto a posibles axudas económicas de Bruxelas, pór en venda os seus produtos no mercado internacional, ou mesmo intercambiar información con calquera punto do planeta de forma instantánea empregando as novas tecnoloxías da información.

Nestas páxinas pretendemos abrir un debate sobre o marco territorial ideal que facilitaría a toma de decisións sobre a capacidade de cada territorio local para se desenvolver sen estragar os seus recursos. Para isto facemos unha pequena incursión na historia do urbanismo e ordenación territorial. En primeiro lugar a historia da "Garden City", traducida como Cidade-Xardín, aínda que sería máis apropiado chamala "Cidade no Xardín", como un modelo de desenvolvemento territorial desconcentrado, tanto como concepto teórico-especulativo tanto como realidade física. O ideario da "Garden City" de Howard formulaba un sistema de asentamentos en equilibrio entre o mundo rural e urbano, onde o maior non pasaba dos 50.000 habitantes; nun hábitat de pequenos asentamentos que permitiran armonizar campo e cidade.

Sobre estes alicerces preténdese expoñer a visión territorial da Eurorrexión Galicia e do Norte de Portugal como unha "Cidade no Xardín" proxectada no futuro, vencellada tamén á visión literaria de esgrevios escritores como Castelao, Otero Pedrayo ou Cunqueiro, que xa na primeira metade de século, xunto con prestixiosos académicos portugueses como Orlando Ribeiro, percibían os que serían os desequilibrios territoriais da Eurorrexión galego-portuguesa entre o corredor Atlántico e o deserto demográfico do interior. Esta achega tenta de inducir un debate sobre unha Eurorrexión posible, un territorio galego-portugués como unha grande e basta cidade desconcentrada, Cidade-Rede Global

ou "Cidade no Xardin" onde a urbanización do campo fose sinónimo de ruralización da cidade, todo isto fronte a unha Eurorrexión territorialmente desequilibrada, na que a cidade concentrada no Corredor Atlántico estaría enfrontada a unha reserva ecolóxica e deserto demográfico do seu interior. Unha idea que conecta co estudio empírico que se mostra no derradeiro dos capítulos deste libro: o desenvolvemento de Chaves e Monforte.

2. Unha grande urbe situada nun auténtico xardín

Dende a primeira Revolución Industrial no século XVIII ata os nosos días o éxodo das xentes do campo cara ás cidades foi unha constante en continuo incremento. A industria vinculábase directamente coa cidade, atrás quedaba a protoindustrialización e as artesanais industrias rurais téxtiles, e se desenvolvía aceleradamente a urbanización que concentraba centros fabrís e poboación en espazos reducidos e desnaturalizados. O urbanismo moderno xurdido á par coa Revolución Industrial reivindicou no século XIX a necesidade de planifica-lo crecemento desorganizado e desmesurado das cidades, as cales pola súa forte atracción baleiraban demograficamente as áreas rurais, amoreando os antigos campesiños e novos urbanitas ata a degradación humana e ambiental. Nese contexto diversos reformadores tentaron de achegar novas ideas para mellorar a calidade de vida. Robert Owen na primeira metade do século XIX pretendeu ordenar os asentamentos humanos en núcleos de 800-1200 habitantes onde existisen terras de labradío para que as familias puidesen compaxinar os labores nas manufacturas urbanas coas propias do campo; a Owen pódesele considerar o precursor da industrialización rural e da tese da contraurbanización cultural. François Fourier matina-ba nos "falansterios" como unidades de poboamento e hábitat duns 1.600-1.800 habitantes distribuídos regularmente no territorio, onde segundo el a vida socializada sería unha realidade. Pero foi Ebenezer Howard (1850-1928) quen formulou o concepto de Cidade-Xardín a partir da plena integración do significado cultural do campo e do da cidade.

No ano 1923 Howard creou a súa primeira "Garden City" en Letchworth ó norte de Londres para uns 30.000 habitantes; a súa idea era a de crear unidades circulares de hábitat, con grandes espacios abertos a campo, conectados a través de camiños de ferro e autoestradas segundo planos que debuxaban no espacio redes regulares de vías de comunicación separadas entre si por grandes cintos verdes; é dicir, de espacios abertos con vexetación natural. Nos planos da "Garden City" de Howard había unha cidade central duns 50.000 habitantes unida a outras cidades satélites duns 30.000; as súas ideas respectaban a propiedade privada e a liberdade individual e concebía as vivendas como unifamiliares todas elas con hortas e xardíns nas súas fachadas principais, buscaba humanizar a vida urbana industrial. Seguindo os principios de Howard tamén é destacable a proposta de cidade lineal de Arturo Soria, quen pensaba no deseño de corredores de hábitat individual, de casas con xardíns e hortas dispostas linealmente ao carón das principais vías de comunicación existentes entre as cidades.

O concepto de "Garden City" non é alleo ao mundo académico e intelectual da Eurorrexión. O galeguismo histórico empregaba o ideario da Cidade-Xardín para definir o que sería ou debería ser o desenvolvemento urbano e económico de Galicia. Otero Pedrayo falaba de Galicia como unha gande cidade dispersa que tería a súa praza emblemática e central na praza do Obradoiro en Compostela, en harmonía co hábitat tradicional dos galegos que era común ao mundo atlántico europeo, e co cal a Otero tanto lle gustaba emparentar. Castelao, en "Sempre en Galiza" (páx. 124) visionaba un país galego como "...unha soia cibdade, a cibdade-xardín máis fermosa do mundo, a cibdade ideal para os homes que queiran vivir a carón da natureza ...", o que se materilizaba, entre outras cousas, coa proliferación de cooperativas agrarias, grandes fábricas de pasta de papel e de derivados lácteos, a multiplicación de piscifactorías e criadeiros de mariscos, a existencia dun grande porto, ou a presenza de casas limpas e hixiénicas para labregos e mariñeiros. Cunqueiro imaxinaba unha Galicia como unha cidade total e desexaba que as cidades galegas non medrasen desproporcionadamente en rela-

ción co conxunto dos asentamentos; matínaba na necesidade dunha rede viaria que facilitase que Vilalba fose un satélite residencial de Lugo ou Ponteareas de Vigo. Coidaba nunha distribución de pequenos centros urbanos e novas pequenas cidades substituidoras de moitas aldeas e parroquias. Tamén Cunqueiro quería fuxir dos problemas dunha grande cidade que el chama macrópoles, e afirmaba que o progreso aplicado a Galicia debería lograr que cidade e campo chegasen a ser solidarios. No mesmo ton argumental de concebir unha Galicia como unha cidade única en equilibrio coa súas formas tradicionais de habitar o territorio se atopan outros intelectuais como Casares, que pensa nunha Galicia onde a vila e a cidade son moi pequenas, onde a xente acode a mercar ou vai ás oficinas para posteriormente vivir fóra en vivendas unifamiliares cos seus respectivos xardíns. Ramón Piñeiro, Álvarez Blázquez, Bar Boo, Antonio Palacios, Franco Grande ou Suárez-Llanos tamén dan argumentos no mesmo sentido: cidades que non pasen dos 300.000 habitantes, a necesidade de limitar a concentración urbana, ou a necesidade de conservar o contacto e a comunicación dos galegos coa natureza¹.

No caso do Norte de Portugal, a paisaxe cultural e natural de Galicia repítese en afinidades irreductibles de innegable valor. O mestre portugués de xeógrafos Orlando Ribeiro cando definiu a xeografía de Portugal como un espacio entre o Atlántico e o Mediterráneo estaba recoñecendo a afinidade histórica dos territorios do noroeste da Península Ibérica. Ribeiro, evidencia nas súas descripcións e análises rasgos culturais e naturais comúns na rexión euroatlántica do noroeste ibérico, que abranque á Galicia e ó Norte de Portugal. Trazos propios e comúns como a forma de habita-lo territorio, a dispersión dos asentamentos, a cultura da pedra e a súa presenza na arquitectura popular, a policultura agraria e o minifundismo, ou o rico e denso sistema de asentamentos. A parte, claro está, das afinidades idiomáticas e históricas².

1. Ver Galicia 2002 a través da imaxinación creadora e o Tmo XL/2002 Galicia, Cidade Atlántica en *Grial* 155 o cal contén interesantes artigos de Xosé Lois Martínez, José Ramón Veiga, Carlos Fernández, Andrés Precedo, Juan Luis Dalda, Daniel Pino, Xosé Manuel Souto e Carlos Ferrás; nos cales é posible encontrar os argumentos e fundamentos dos diferentes proxectos de desenvolvemento urbano e territorial definidos, en maior ou menor medida, para Galicia durante as últimas décadas.

2. Ver Patrick O'Flanagan: "Galicia en el marco geográfico e histórico de la Europa Atlántica", en *Xeografía* nº1, 115-133, 2001.

Dende un punto de vista socioeconómico, tanto en Galicia como no Norte de Portugal se multiplican as economías simbióticas, dos traballadores campesiños, das familias de economía diversificada, as que compaxinan doadamente actividades tradicionalmente rurais como a cría de animais domésticos ou o cultivo de produtos de horta, co traballo asalariado ou autónomo en actividades de servizos ou industriais, tan importantes e clásicas na sociedade galega e portuguesa; xunto con hábitats desconcentrados periurbanos onde non existen metrópolis macrocefálicas que rexen os destinos universais conxuntos dos galegos e portugueses do norte, habituais nos territorios de Fisterra, do límite do ecúmene, ou onde non proliferan os grandes e tradicionais complexos industriais, etc.. A área metropolitana do Porto con máis dun millón de habitantes garda un equilibrio e pode complementarse co sistema policéntrico de cidades e áreas metropolitanas galegas na conformación da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Como dicía, debemos interrogarnos se esas economías e sociedades poden definir máis doadamente ca outras un desenvolvemento social e territorial que se achege aos idearios da "Cidade no Xardín", e á búsqueda da harmonía entre o urbano e o rural e entre o ser humano a natureza. ¿É iso así ou sempre será un síntoma de atraso e de ruralización marxinal?. ¿Sería posible un desenvolvemento rural desvinculado dos labores do campo? e ¿un desenvolvemento urbano que compatibilizase traballo agrario e non agrario?.

As rexións periféricas da Europa Atlántica, entre as que se encontra Galicia, o Norte de Portugal e tamén Irlanda ou a Bretaña, ben individualmente ou no seu conxunto se caracterizaron historicamente como rurais, onde o hábitat disperso, a humidade dos seus climas oceánicos, o predominio dunha economía agrícola-gandeira, a paisaxe de "bocage" de campos valados e tons verdes a maior parte do ano, a presión demográfica sobre a terra, o illamento xeográfico, a subsistencia ou o policultivo,..., xunto co seu escaso desenvolvemento urbano-industrial conformaron a imaxe que delas trascendía cara ao exterior. A periferia do poñente europeo foi terra de marxinação, pobreza e emigración; os irlandeses e escoceses emprederon a diáspora cara aos dominios cultu-

rais anglosaxóns e galegos, asturianos, portugueses e mesmo vascos dirixíronse cara ao dominio cultural ibérico.



A paisaxe é un recurso turístico en Vidago (Chaves)

As comunidades e áreas rurais das rexións periféricas de Europa experimentaron importantes cambios sociais, económicos e culturais durante as últimas tres décadas do século XX, e na actualidade os ditos cambios continúan producíndose; isto, en boa medida, débese á urbanización e desenvolvemento industrial no sentido clásico do paradigma do éxodo rural, ao desenvolvemento dos sistemas agrarios intensivos e á Revolución Verde. Pero dende os anos setenta tamén se debe ao feito de que xurdiron no contexto da Unión Europea novas formas de urbanización e novas políticas de desenvolvemento rural-rexional; é dicir, fronte á concentración da poboación e recursos nas grandes cidades e rexións máis desenvolvidas xurdiron con forza tendencias cara á desconcentración. E neste contexto adquiren protagonismo os sistemas e redes poli-nucleares de cidades que buscan a complementariedade e sinerxia no seu proceso de desenvolvemento conxunto, o caso da rede das 18 cida-

des máis importantes de Galicia-Norte de Portugal coñecida como Eixo Atlántico, que establecen fluxos e intercambios de todo tipo e crean o tecido da Cidade-Rede Eurorrexional.



Monforte: O patrimonio cultural como atractivo turístico

A modernización agraria en Galicia e no Norte de Portugal coincidiu co despoboamento rural e o éxodo cara á cidade. O Porto, Vigo, A Coruña ou Ferrol experimentaron un desenvolvemento urbano-industrial que xeraba movementos migratorios campo-cidade, anque non o suficiente como para evitar a emigración ás rexións

industriais de Europa. O desenvolvemento agrario no campo era acompañado polo desenvolvemento industrial na cidade, e o despoboamento rural traducíase nun poboamento urbano. O despoboamento rural foi unha constante en Galicia e no Norte de Portugal durante a súa historia contemporánea, as xentes do campo emigraban ás áreas urbanas en busca de mellores condicións de vida, ao igual que sucedía noutras partes do mundo, pero co agravante de que o éxodo rural nestes casos adquiría unhas dimensións inusuais, xa que aos movementos campo-cidade se lles engadían as emigracións con dirección a Europa e América.

Todo apunta que na Eurorrexión as políticas urbanísticas e territoriais non desempeñaron un papel determinante nas tendencias de redistribución demográfica e no xurdimento de novas formas de urbanización, pois os desequilibrios entre o corredor Atlántico do litoral que une Ferrol co Porto e o interior foron en aumento. En Galicia e no Norte de Portugal durante as dúas derradeiras décadas do século XX, non se for-

mularon políticas de desenvolvemento rexional que favoreceran a des-concentración demográfica e de recursos entre o urbano e o rural e entre as grandes, medianas e pequenas cidades, polo que os desequilibrios entre o interior e o corredor Atlántico en vez de acurtarse fixéronse maiores. Existen casos illados de desenvolvemento endóxico no interior de extraordinario valor, o caso de Lalín na provincia de Pontevedra é un exemplo nídeo, pero falta saber se o seu proceso de industrialización foi realmente inducido por políticas regladas de desenvolvemento rexional ou máis ben pola práctica de políticas informais ao abeiro de personallismos e do poder establecido.

Na Eurorrexión a planificación no ámbito municipal aínda se mostra inoperante, non permite exercer un control sobre os movementos de poboación, a vivenda e os asentamentos. Os municipios galegos e portu-

gueses non son quen de coordinar e consensuar os seus plans ou obxectivos de desenvolvemento territorial, urbanístico ou económico, xerándose situacións moi diversas e dispares entre municipios veciños. Amais existen casos de absoluta desidia,



Os centros históricos (Chaves) na procura da identidade colectiva

especialmente en municipios rurais con pouca poboación e escasos recursos económicos onde non se exerce control sobre a edificación, nin sobre a poboación, emprego, nin sobre nada. Na Eurorrexión aínda non existen as estruturas territoriais adecuadas que permitan a correcta planificación do seu desenvolvemento, como serían as áreas metropolitanas e as comarcas, como unidades supramunicipais con entidade xurídico-administrativa. Deberían ser auténticas subrexións de planificación e planea-

mento. A comarcalización en Galicia é realmente feble e non deixou de ser aínda un intento de planear o desenvolvemento urbano–rexional. As comarcas galegas tal como existen na actualidade non son un modelo para a Eurorrexión, non posúen entidade xurídico–administrativa e só exercen de meros entes de promoción do desenvolvemento local. As estruturas administrativo–territoriais na Eurorrexión deben ser ordenadas pois á luz da desorde podemos preguntarnos ¿É lóxico que existan municipios de 600 habitantes?, ¿É lóxico que se introduza a comarca sen modificar os mapas de provincias e municipios?. Se pensamos nunha comarca sen personalidade político–xurídica, ¿Que é a comarca?, ¿Un mero ente de promoción económica local sen capacidade administrativa nin de decisión ningunha?. É necesario ter presente que as comarcas galegas contan cada unha delas con figuras persoais e xurídicas chamadas xerentes comarcais que sen embargo non teñen competencia administrativa territorial, converténdose nun actor cualificado do *status quo* do poder político.

3. Unha Cidade da Imaxinación, da Natureza e do Patrimonio.

Hoxe a Eurorrexión galego–portuguesa estase a articular a partir do corredor Atlántico, que seguindo a disposición da autoestrada Ferrol–Tui–O Porto une as principais cidades galegas e do Norte de Portugal, funcionando como un auténtico eixo de desenvolvemento industrial e urbano. Prodúcese movementos demográficos do interior cara ao corredor Atlántico co que se baleiran as comarcas rurais do interior. Poderíamos chegar a reflexionar como sería a Eurorrexión Galicia–Norte de Portugal do futuro, imaxinádoa como unha rexión postindustrial propia dun mundo globalizado, ben comunicada co exterior, coa maior parte da súa poboación ocupada nos servizos e vivindo nunha grande área metropolitana que, formando un continuum, se estendería por ambas as dúas beiras da autoestrada do Atlántico dende Ferrol ata o Porto; o resto do territorio eurorrexional sería practicamente unha reserva ecolóxica onde poderían ir gozar do tempo de ocio as familias urbanas e onde os campesiños serían uns xardineiros da natureza e un atrac-

tivo exótico-turístico. Esta imaxe revela que se pode percibir o futuro territorial eurorrexional cos mesmos parámetros concentradores cos que se estableceron e formaron as cidades industriais dende o século XIX, aínda que agora se pense en eixos urbano-industriais e non en agrupamentos focais a xeito de cidades compactas, co cal os desequilibrios rexionais en vez de corrixirse agrandaríanse. ¿Non sería máis acertado evitar a macrocefalia urbana potenciando o hábitat tradicional autóctono de pequenas células de poboación e cidades medias e pequenas a través da concreción e ordenación dun sistema de asentamentos polifuncional e complementario, cunha rede de comunicacións densa que facilitase ao máximo os intercambios a todos os niveis?. A potenciación dun sistema de asentamentos denso propio dun hábitat desconcentrado estaría en harmonía cos adiantos tecnolóxicos da sociedade globalizada, pois a fluidez das comunicacións permitiríanlles aos galegos e portugueses vivir onde sempre viviron e desprazarse fácil e libremente cara ás vilas e cidades a satisfacer as súas necesidades ou ocupar un posto de traballo. Non hai que esquecer que a globalización xorde a partir da III Revolución Tecnolóxica en relación cos avances en materia de comunicacións e telecomunicacións.

Na Eurorrexión galego-portuguesa non existe unha grande cidade ou área metropolitana macrocefálica rectora do pulso económico e social da totalidade do seu territorio. No caso galego as áreas metropolitanas de Vigo-Pontevedra e A Coruña-Ferrol contan coas maiores aglomeracións cidadás e no seu municipio central non chegan ós 300.000 habitantes individualmente; e no caso do Norte de Portugal Porto non é quen de frear o desenvolvemento das cidades medias do interior, caso de Guimaraes, Braga, Vila Real e en menor medida Chaves. A área metropolitana do Porto rexe a economía e o territorio no Norte de Portugal nembargante non é quen de pór baixo a súa órbita o sistema de cidades policéntrico galego que posúe identidade e fortaleza suficiente como para complementarse co Porto. No futuro próximo o tren de alta velocidade e as novas tecnoloxías da comunicación permitirán conformar un nídeo sistema urbano ensarillado e complementario na Eurorrexión.

Pensemos que as distancias entre as cidade galegas e do Norte de Portugal vanse reducir extraordinariamente en tempo necesario para os desprazamentos interurbanos. Vigo estará a menos de 20 minutos do Porto, Santiago a 20 minutos de Ourense e da Coruña e a 15 de Vigo e a información e o coñecemento fluirán sen obstáculos polas autoestradas da sociedade da información aproveitando ás vantaxes das redes de Telecomunicacións e a universalización das TIC. Debemos pensar na "fin das distancias" entre as grandes cidades da Eurorrexión e na conformación dunha Cidade Única Eurorrexional con barrios-cidades conectados en rede policéntrica e complementaria. A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal deberá mirar cara ás rexións avanzadas europeas definidas a partir da complementariedade entre as súas cidades e áreas metropolitanas, casos do Rijn-Ruhr en Alemaña ou do Randstad holandés.

Na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal existen máis de 50.000 entidades de poboación das cales a maioría teñen menos de 1.000 habitantes que articulan máis de 5.000 parroquias, predominan as economías simbióticas familiares que harmonizan o traballo do campo, o do marco industrial e de servizos. É unha sociedade de pequenos propietarios de terras, 2 de cada 3 galegos son donos dunha parcela, na que proliferan de forma tradicional as vivendas unifamiliares no campo. ¿Son todas estas características elementos que poderían levar a pensar na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal como un territorio idóneo para a plasmación dun modelo de desenvolvemento territorial que impulsase a urbanización, desconcentrada, do campo, e a ruralización da cidade?. ¿Son estes aspectos negativos ou poderían ser positivos para definir un desenvolvemento máis equilibrado?. Debemos reflexionar que o minifundio perdeu o seu contido cultural tradicional, pois xa non representa unha agricultura de subsistencia senón un complemento aos ingresos familiares procedentes do traballo non agrario e das pensións da sociedade do benestar. O minifundio permite que a maioría dos galegos e moitos portugueses sexan propietarios dunha "leira" ou parcela onde case sempre proxectan a construción dunha vivenda unifamiliar coa súa horta e, cada vez máis co seu xardín. Tamén debemos ter moi pre-

sente que a Eurorexión conta con máis de 2.000.000 de vehículos particulares tipo turismo, o que representa case un coche por cada 3 habitantes, e, tamén, que os galegos e portugueses temos a posibilidade de "habitar a distancia" é dicir de desprazarnos no territorio desvinculando o lugar de residencia do de traballo máis doadamente que as xentes doutros ámbitos culturais de hábitat concentrado. ¿Cantos hoxe en día viven, ou querían vivir, no campo e/ou asentamentos menores e se desprazan ou desprazarían fóra da súa pequena cidade, aldea, barrio, urbanización, vila ou parroquia para ir traballar ou estudar?.

O ideario da Cidade Rede Policéntrica Ecolóxica situada nun Xardín valora o patrimonio o medio natural e a cultura como bens que protexer. Cabe especular que o futuro da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal xa non pasa tan só polo desenvolvemento agrario tecnolóxico e industrial-urbano senón que, necesariamente, no seu territorio se deberían aplicar novos modelos de desenvolvemento rural-urbano e modernización ecolóxica que impulsasen a diversificación socioeconómica no campo, respectasen o medio natural e fixasen a poboación incrementando o seu nivel de benestar social. É necesario tomar conciencia de que as cidades industriais xa non ofrecen posibilidades de vida coma no pasado, polo cal o clásico modelo de desenvolvemento industrial que provocaba a tecnificación dos labores do campo e xeraba fluxos migratorios cara ás grandes cidades e áreas metropolitanas é pouco viable ao xerar unha presión demográfica que frecuentemente se traduce nun incremento da marxinação social urbana. A xente nova do rural xa non poderá percibir a gran cidade como un mundo de oportunidades e estarán condicionados a emprender o seu periplo vital en vilas, parroquias e pequenos asentamentos rurais. Isto podería chegar a representar unha revitalización dos municipios e comarcas do interior de Galicia e do Norte de Portugal, especialmente das comarcas rurais, actualmente avellentadas e en proceso de despoboamento. Cómpre definir políticas que abran posibilidades de desenvolvemento económico local no medio rural que dinamicen socioeconomicamente as cidade e vilas do interior de Galicia e do Norte de Portugal, co fin de chegar a restar capacidade de atracción ao corre-

dor Atlántico Ferrol-O Porto. Por exemplo, ¿non sería moi positivo para as provincias de Lugo e Ourense a dotación dunha universidade propia con dous campus ao estilo da Universidade de Tras os Montes?; sería a universidade do interior de Galicia e podería especializarse naquelas áreas científicas estratéxicas para as economías locais, especialmente na agroindustria. e ¿establecer cinturóns verdes arredor das cidades e vilas que evitasen a especulación e suburbanización no seu medio rural adxacente?, ou incluso ¿por que non se podería pensar nun eixo de desenvolvemento interior que conectase e interrelacionase a Mariña lucense coa Raia portuguesa-ourensá?, ¿poderíase definir a través dunha nova autoestrada? Sería a "Autoestrada Eurorrexional" do interior. As vilas e pobos cabeceira de comarca deberían ser concebidos como elementos estratéxicos para o desenvolvemento territorial da Eurorrexión, e para contrarrestar as tendencias centradoras do corredor Atlántico. Galicia e o Norte de Portugal necesitan definir unha cultura urbana que erosione a imaxe de extrema ruralidade mantida por séculos, pero esa cultura debe fundir as raíces na propia idiosincrasia do país. Debemos definir a nosa cultura urbana singular e diferencial con base no sistema de cidades e de vilas denso, diverso e complementario que temos e que tan ben coexiste co campo e co mundo rural.


No territorio eurorrexional galego-portugués deben definirse políticas de desenvolvemento rural-urbano integrais e endóxenas axustadas as súas características que lle permita seguir confluindo cara aos niveis de desenvolvemento das rexións máis avanzadas de Europa. Políticas que deberían promover máis decididamente a diversificación das actividades productivas rurais; como a artesanía, a elaboración tradicional de produtos locais de calidade, a agricultura ecolóxica, a silvicultura e a explotación sustentable dos bosques, as explotacións agrarias extensivas e modernas ou o turismo rural. As explotacións agrarias familiares deberían chegar a ser productivas, respectuosas co medio e permitir un maior benestar a través da diversificación das súas actividades, pero sempre baixo a premisa da modernización ecolóxica. ¿E isto por que se debe opoñer ao desenvolvemento de industriais vitais como a do leite e a da

alimentación, a téxtil ou a da madeira e mobles?. No campo galego-portugués poderían e deberían coexistir pacificamente os agricultores e gandeiros industriais, con explotación de dimensións adecuadas, coas familias de obreiros-campesiños de economía deversificada e cos novos ruralitas que puidesen residir no campo sen exercer ningunha dependencia económica coas actividades económicas tradicionais do lugar. O desenvolvemento rural endóxico deberíase complementar e implementar con políticas de ordenación territorial que ordenasen os procesos de suburbanización e contraurbanización; aquelas cidades e áreas urbanas que soportan unha maior presión demográfica deberían ser desconexionadas promovendo investimentos en infraestruturas de comunicacións, vivenda e unha xeral descentralización planificada de recursos e servizos cara ás áreas rurais e asentamentos urbanos do interior en detrimento do corredor atlántico.

Na Eurorrexión a definición dunha estrutura territorial adecuada para a aplicación de políticas de desenvolvemento rexional é un requisito previo; deberíase pensar nunha comarca ou rexión de planeamento semellante ao condado irlandés, é dicir, con identidade político-administrativa e cultural que lle permitise distinguirse do municipio. Comarcas que deberían coexistir coas áreas metropolitanas lideradas polas cidades galegas e portuguesas, pois correspóndelles a elas o proceso de modernización e de urbanización xeral da sociedade. Nas cidades eurorrexionais localízase a masa crítica necesaria para impulsar o desenvolvemento económico, social, cultural e incluso político de Galicia e do Norte de Portugal. Non debemos esquecer que as cidades son espazos de vangarda, son os lugares a partir dos cales se difunden as innovacións e os procesos de cambio social. A Eurorrexión non pode endexamais fuxir da cultura urbana pero pode definir a dita cultura segundo a súa propia idiosincrasia. Non debemos esquecer que en Galicia e no Norte de Portugal o campo e a cidade están moi íntimamente relacionados.

En definitiva, sería moi positivo abrir un debate na sociedade Eurorrexional galego-portuguesa que incentivase a participación cívica

democrática e que dese pé a que se discutise o seu futuro no contexto da globalización. ¿Queremos ser un país eurorrexional rural, un país territorialmente desequilibrado coa oposición Corredor Atlántico-Espacio Rural Interior?, ou ¿Deberíamos tentar de afrontar un proxecto ordenado de Cidade Global que permitise a urbanización do campo e a corrección dos desequilibrios territoriais?. *A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal como Cidade-Rede Policéntrica, Europea, Atlántica, Sostible e Ecolóxica* diferente e singular posúe un extraordinario atractivo cultural diante da mirada dos visitantes e observadores externos. Ao igual que no caso irlandés (Ferrás 1996) aos galegos e portugueses correspóndenlos facer valer o feito cultural común fronte ao exterior, definindo unha novidosa cultura urbana na era da globalización, que dende Estrabón ata os nosos días segue a sinalar os habitantes da fistera noroccidental ibérica como un pobo tradicional, conservador e ancorado no pasado. Sen dúbida, correspóndelle á sociedade civil e á clase política de Galicia e do Norte de Portugal, pór en valor sinerxicamente os recursos endóxeos e locais con que conta a Eurorrexión para promover e impulsar definitivamente o seu desenvolvemento social e económico.



Unha metáfora do Eixo Atlántico como unha cidade-rede global.

A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal configurada como unha constelación de cidades complementarias e conectadas con imaxe, visibilidade e proxección propia no ámbito europeo e mundial.

O Eixo Atlántico configúrase como unha cidade-rede global.

Fonte: Atlas of Cyberspace 2003.

Bibliografía básica.

AA.VV.: Galicia, Cidade Atlántica, en *Grial* nº 155, 2002, Tomo XL.

FERRÁS SEXTO, C.: *Cambio rural na Europa Atlántica. Os casos de Galicia e Irlanda 1970-1990*. Universidade de Santiago e Xunta de Galicia, 1996.

O'FLANAGAN, P.: Galicia en el marco geográfico e histórico de la Europa Atlántica, *Xeografía*, nº1, 2001, 115-133.

PITTE, J.R.: *Géographie historique et culturelle de l'Europe*, Université de Paris-Sorbonne, París, 1995.

RIBEIRO, O.: *Portugal, o Mediterráneo e o Atlántico*, Lisboa, 1967.

SOUTO GONZÁLEZ, X.M. (dir.): *Planeamento Estratéxico e Mercadotecnia Territorial*, Eixo Atlántico, 2001.

2. A participación social na transformación do territorio

Ana Lorenzo Vila e Miguel Martínez López
Colectivo Cidadanía

Introducción

Neste traballo preténdese articular unha visión crítica da participación urbana e unha proposta de orientar a súa promoción en contextos institucionais. Trátase, xa que logo, dun difícil equilibrio que nos obriga a fiar coherentemente os argumentos, principios, exemplos e recomendacións enunciadas. En primeiro lugar, optamos por unha estratexia de definición da participación cidadá en ámbitos espaciais que considere o conflito social, a complexidade e a creatividade social, cultural, económica e política derivada de experiencias participativas. Non obstante, consideramos esencial examinar de forma realista os principais obstáculos e as limitacións máis persistentes que se presentaron nas últimas décadas para a participación pública no urbanismo: desinformación, incomprendibilidade da linguaxe técnica, dificultades para manexar globalmente o crecemento urbano, etc.

Son eses problemas da participación os que nos levarán, na última parte deste texto, a facer algunhas suxestións específicas para superalos. Pero antes serán expostos dous casos de participación urbana en cidades galegas (Vigo e Santiago de Compostela) para demostrar as potencialidades democráticas que tales experiencias exhibiron. Destacaremos, nese sentido, a xénese deses procesos, as capacidades de organización e expresión das organizacións populares implicadas neles, e o tipo de relacións mantidas cos gobernantes municipais. Por suposto, cada caso é un mundo e insírese en contextos sociais irrepetibles. Non obstante, podemos comprobar cómo estes dous poñen en práctica, cun amplo rango de actividades e máis en variados graos de afondamento, os trazos cos que identificamos a participación urbana no primeiro epí-

grafe deste texto: autonomía, descentralización, aprendizaxe, contradicións, etc. Son historias, por tanto, que reforzaron, ao noso xuízo, as iniciativas de participación cidadá. Non pode volverse atrás, pero si reconstruílas, repensalas e, sobre todo, tirar conclusións para o futuro a partir do seu exame crítico.

O terceiro epígrafe dedícase a darlle maior concreción ás reflexións teóricas e empíricas anteriores. Desexamos non perder polo camiño a perspectiva holística e crítica que nos advirte sempre sobre as incertezas e delicadas relacións sociais que axexan a todo proceso participativo. Pero tamén pensamos que é necesario *cultivar*: é dicir, traducir en propostas operativas as consecuencias lóxicas (e ideolóxicas) que se derivan do exame da participación urbana e animar a que se experimente con elas. Debido á importancia que teñen, no nivel municipal, os procesos de planeamento e de xestión urbanística, optamos aquí por definir algúns principios e tarefas prácticas ás que lles dar prioridade por parte de técnicos e políticos municipais cando se comprometan honestamente a promover procesos participativos nas políticas públicas. Non se trata dun catálogo exhaustivo e, como dicíamos, cada "deber ser" e cada "recomendación técnica" han de observarse en función das reflexións anteriores e do contexto particular de aplicación.

1. Urbanismo e participación: a razón democrática nos espacios do conflito social

Neste punto presentamos unha definición da participación no urbanismo en tres pasos: como proceso dialéctico, como construción conflictiva de políticas alternativas e como iniciativas públicas de coexistencia na diversidade. Pretendemos ofrecer unha visión ampla, crítica, plural e consciente da complexidade social que rodea e que constitúe internamente a todo proceso de participación social en materias territoriais. Discerniremos, asemade, a dimensión democratizadora que se pode atopar nalgúns experiencias e conceptualizacións do urbanismo. Por último, finalizaremos sinalando os principais problemas que

posúen as iniciativas de participación social no urbanismo ante o contexto normativo e de reestruturación urbana global.

1.1. Dilemas prácticos e conceptuais

¿Que significa participar na vida pública en xeral e na ordenación e xestión do territorio en particular? ¿Con que sentido e finalidades, latentes ou manifestas, se exercen as prácticas de participación social? ¿Que particularidades ten o ámbito do urbanismo (especialmente, en materia de planeamento e xestión) para facilitar ou condicionar a participación social? Sinalemos catro dilemas iniciais para ver desde distintos ángulos as arestas deste problema.

1. Se aceptamos que os contextos políticos, económicos e culturais en cada escala de goberno, constitúen a fonte máis evidente de constriccións a toda práctica participativa, entón non nos sorprenderá que existan accións sociais lexitimamente participativas tanto fóra como dentro das marxes institucionais que se establezan, historicamente, en cada unha desas escalas. A poboación participa no que quere e no que pode. Ás veces de forma defensiva, outras de forma constructiva. Os límites espaciais, os usos sociais que se manifestan sobre espazos concretos, as actividades que transforman ou que proxectan transformar o espazo no futuro, etc. son unicamente unhas partes máis da vida cotiá das persoas que, en determinadas ocasións, desatan inquedanzas, agravios, mobilizacións e organizacións cunha certa constancia que poden abranguer desde unha asociación veciñal a movementos sociais de maior amplitude.

2. A técnicos e políticos resúltalles difícil, con frecuencia, entender o sentido e os efectos socialmente beneficiosos da participación cidadá no urbanismo. Por varias razóns: a) por desexar que todas as dinámicas sociais se axusten ás regras, pautas e ritmos que marquen o exercicio *normal* das políticas públicas e os axentes urbanizadores dominantes; b) pola intranquilidade que lles provocan os procesos pluritemáticos, nos

que as poboacións reclaman ou propoñen cuestións en eidos que desbordan o definido oficialmente como 'urbanismo', case sempre, referido este ao planeamento; c) pola complexidade dos procesos participativos nos que se espertan constantemente sospeitas de partidismo ou electoralismo, dilatacións insoportables das decisións e sensacións de ineficiencia administrativa. Como veremos despois, non entendemos unha democracia máis participativa sen asumir a existencia de friccións e desbordamentos como os apuntados.

3. En todo caso, sempre cabe preguntarse quen é a 'cidadanía'? ¿Quen pode ou debe participar? ¿Que recursos (privados e públicos, económicos e intelectuais, materiais e informativos) ten a poboación para participar? ¿Que tipo de organizacións de base e de institucións e espazos lexítimos existen para facelo? ¿Quen debe iniciar os procesos? ¿Quen debe sumarse? ¿Quen ten dereito a decidir? ¿A quen afectarán esas decisións? ¿Todas as persoas afectadas, estean censadas ou non municipalmente, poderían tomar parte das discusións, na elevación de propostas, na negociación dos proxectos, na súa aplicación? En todos os casos coñecidos (Villasante, 1995; Navarro, 1998; Blackburn et al., 1998; Martínez, 2002; Quesada et al., 2002) este enigma comporta conflitos substantivos que, estimamos, non poden ser obviados.

4. Agora ben, en materias territoriais emerxe sempre o modelo de cidade, a *utopía* que se persegue a longo prazo por múltiples traxectos e sen alcanzala nunca do todo. ¿Débense abrir procesos continuados nos que cada grupo social, desde o seu singular mundo de vida no que habita ou desde as varias subculturas que habitan aos seus membros, contribúa a ir definindo a cidade ideal, ou será máis eficaz participar sectorialmente naqueles eidos manexables, con prazos concretos e incrementando as sensacións de ir construíndo a medida que se avanza? A experiencia amosa que a prédica da normativa urbanística á hora de convidar á poboación a suxerir o seu modelo urbano global (na fase de Avance), cae a miúdo en saco roto (Saravia, 1998). A avidez por incrementar rendementos e edificabilidades ou a defensa de patrimonios e

coutos territoriais, non son, precisamente, os mellores aliados dos procesos participativos. Tanto que poderíamos formular, á inversa, que é necesario frear tal mercantilismo do solo se se pretende facer participe á cidadanía na creación dunha ilusión colectiva: o interese xeral.

Tentaremos demostrar aquí que, xunto á análise das experiencias puntuais (frustradas ou exitosas) de participación social no urbanismo, é razoable adoptar unha estratexia de definición que comprenda a diversidade e o conflito social subxacentes. Farémolo en tres pasos, sucesivos e complementarios. Despois poranse de relevo os obstáculos máis frecuentes da participación no urbanismo, de forma tal que as ditas observacións poidan contribuír a promover procesos nos que se superen eses límites da realidade, sen perder coherencia coas dimensións da participación definidas antes.

1.2 Unha exploración dialéctica das potencialidades

Debémolle ao xeógrafo David Harvey a construción dunha aguda perspectiva dialéctica no estudio dos fenómenos socioespaciais (Harvey, 1973; 1996). Así, podemos afirmar que o espacio é socialmente producido, transformado, reproducido, ordenado, configurado e mesmo inventado simbolicamente. As súas cualidades mudan a medida que mudan a organización social e as formas de relación social. En consecuencia, unha sociedade capitalista traslada a todos os problemas socioespaciais as súas contradicións e conflitos entre grupos sociais: por causa de encontrados intereses materiais, de opostas visións ontolóxicas e ideolóxicas do mundo, de diferentes situacións conxunturais e condicións de vida, etc¹.

Esboceamos, pois, a primeira proposta de definición da participación urbana: *un proceso no que, a partir de diversas contradicións e conflitos sociais, se exploran (e se poñen en práctica, se experimentan) as potencialidades das situacións concretas e dos grupos implicados para acadar cambios sociais.*

1. "A conducta transformadora -a creatividade- emerge das condicións ligadas á vez á heteroxeneidade obviamente presente en calquera sistema (...) A exploración de mundos posibles é central nun pensamento dialéctico (...) a exploración de potencialidades para o cambio, para a autorrealización, para a construción de novas identidades e ordes sociais, novas totalidades, novos ecosistemas sociais." (Harvey, 1996: 54-56)

Unha implicación epistemolóxica dela obrigaríanos a recoñecer que, así entendida, a participación esixe procesos de coñecemento e autoconhecimento colectivos. Pero, trátase dunha exploración: non se prediciría o futuro nin se producirían verdades; proporíanse posibilidades e produciríanse compromisos (é o que se fai nos procesos de investigación-acción participativa: Fals Borda, 1985; Salazar et al., 1989; Blackburn et al., 1998; Martínez, 2001). Unha asociación veciñal, por exemplo, vai reconstruíndo a percepción social de necesidades espaciais a medida que recibe asesorías técnicas, que discute coas autoridades, que realiza accións no barrio e que vai sistematizando toda esa información.

Unha implicación teórica apuntaríanos a sinalar tanto os conflitos que proceden do contexto económico, político e cultural dos axentes que participan, como os que proveñen das súas propias relacións mutuas e internas. A exclusión do punto de vista dos comerciantes ou da infancia dos proxectos urbanísticos xerados por unha asociación veciñal, serían exemplares confluencias do referido.

Por último, sinalemos unha consecuencia que podemos denominar 'ontolóxica' (ou ideolóxica): os cambios sociais, para ser *radicais* (con capacidade para influír nos piares básicos da opresión económica, política ou cultural) terían como horizonte prioritario alterar, paralizar, diminuir, reverter ou eliminar as desigualdades, dominacións e *separacións* que produce o capitalismo en primeira instancia, e outros modos de produción e de relacións sociais que coexisten con el (o patriarcado, o etnocentrismo, o burocratismo...), noutras instancias. Nas prácticas participativas, sen embargo, tal autoconciencia rara vez se presenta en estado puro (por exemplo, que a asociación formule a súa reivindicación de equipamentos culturais de acordo cun estudio da distribución equitativa das ditas necesidades no ámbito municipal e comarcal e xunto a outros colectivos sociais) e serán máis ben a combinación e a invención quen coparán as superficies discursivas.

1.3 Antinomías nos camiños da democracia

Propoñamos un segundo conxunto de fenómenos asociados á participación urbana: *os procesos participativos promoverían, potencialmente, exercicios de poder popular e de democracia directa mais sempre susceptibles, non obstante, de reproducir aquilo que din combater*. É dicir, o primeiro non sempre é conseguido (ás veces nin sequera pretendido), mentres que o segundo axexaría desde o proceloso fondo de conflitos que son consubstanciais a un proceso con múltiples actores e do que nunca se sabe cómo acabará. Esclarezamos, por partes, as implicacións disto.

A participación social en materias urbanísticas pode dedicarse a radicalizar a democracia representativa, a propoñer a creación de institucións alternativas a ela ou, simplemente, a transformar relacións sociais non acollidas por institución presencial ou virtual algunha. As actividades do primeiro tipo mellorarían, supostamente, a información, a elaboración e a aceptación das políticas públicas. As restantes caracterizaríanse por protestas, campañas, reunións e accións creativas en forma dalgún *contrapoder* lexítimo, non necesariamente confrontado directamente e a curto prazo coas institucións e o goberno: por exemplo, institucións comunitarias amparadas na forza do costume (xuntas de augas, de festas e de montes comunais) e iniciativas constructivas de carácter duradeiro (ocupacións de terras, fábricas ou vivendas) (AA.VV., 2001; Martínez, 2002). Pero a simple mobilización cidadá non garante pasar dun a outro modelo, aínda que externamente percibamos as potencialidades subxacentes.

Esta definición conduciríanos, pois, a entender a participación como activación dalgún tipo de alternativa aos procedementos preeminentes na política institucional: o exercicio do sufraxio electoral, a competencia entre partidos políticos por acceder ao goberno, o *relevo* e as presións particularistas e corporativas (*lobbies*) sobre certos niveis admi-

nistrativos, etc. Mesmo nun dos casos máis básicos de participación, consistente en esixir a aplicación estricta da lei e a garantía dos dereitos constitucionais, estaríase a exercer algunha acción entusiasta, efusiva e intensa (é dicir, *alternativa* á normalidade, aínda que sexa *esgotando* todos os recursos legais ao seu dispor) para alterar ese curso das cousas. Nos casos máis esixentes, propórianse avances na construción dunha maior democracia directa: a descentralización local, o uso frecuente de consultas populares tipo *referéndum*, a politización -con recursos públicos para informar e debater- de numerosos ámbitos vitais, etc. Pero nin sequera moitos destes últimos retan explicitamente á democracia representativa. Un exemplo clarificador constitúeno os 'orzamentos participativos' nos que son os propios representantes políticos os impulsores de tales prácticas de participación. Cómpre engadir, non obstante, que no caso máis referenciado de Porto Alegre, a experiencia parte da preexistencia dun tecido social cunha historia reivindicativa sólida e con experiencias participativas anteriores (Giacomoni, 1996; Abers, 1998; Villasante et al., 2002).

Agora ben, non todo o que se adxectiva como 'participación' modifica os principais defectos da democracia liberal (a saber: despolitización, privatización, corporativismo, elitismo, redistribución desigual dos recursos, etc.). Algúns procesos non albergarían nin sequera as potencialidades mencionadas, mentres que outros combinarían dous pasos adiante e un atrás. O exemplo máis destacado do primeiro serían as demandas de flexibilidade institucional solicitadas polas élites capitalistas e os seus mediadores (asociacións profesionais, directivos empresariais, medios de comunicación afíns, etc.). seguindo o precepto liberal de reducir a regulación pública (e, no urbanismo, as limitacións ao exercicio da propiedade privada sen inxerencia da súa perturbadora 'función social') e a busca de consideración como unha parte máis da *sociedade civil*, en pé de igualdade con outros colectivos sociais (minorías culturais, mulleres, proletariado, sindicatos, movementos sociais, etc.). Estas élites reclamarían os seus *dereitos de participación* con gran eficacia,

cada vez que solicitan audiencia pública, negocian operacións de investimento e cooperan entre si para controlar prezos ou eliminar a competencia².

Un exemplo destacado do segundo (dous pasos adiante e un atrás) suscítase cando unha organización cidadá esixe transparencia na adquisición e xestión do patrimonio municipal do solo, con iniciativas *creativas* propoñendo usos para eses espazos (por exemplo, para situar hortas urbanas, coma no caso do Parque Miraflores en Sevilla: Carmona, 1996; AA.VV., 1997) , con iniciativas de *resistencia* e protesta ante as débedas históricas relativas á insuficiencia de vivenda social (por exemplo, impugnando na súa totalidade, por esta causa, un plan xeral de ordenación municipal) e reproducindo *dominacións* sociais, de forma máis ou menos visible, como ocorre cando exclúen a outras asociacións da zona das súas iniciativas (por exemplo, ao arrogarse en exclusividade a representatividade da poboación afectada polo planeamento ou a xestión urbanísticas en xogo) (Martínez, 2000).

1.4 Participación cidadá e diversidade urbana

A nosa terceira aproximación á participación cidadá no urbanismo, complementaria ás anteriores, lévanos a soste que *os procesos participativos desencadean novas formas de coexistencia dos suxeitos sociais, reconstitúen prácticas urbanas diversas, relacións sociais, a autonomía das organizacións e, en último extremo, o exercicio da autoridade*. De novo vémonos obrigados a preguntarnos ata ónde poden chegar eses procesos de reconstrucción social sen eliminar os alicerces da diversidade urbana sobre os que se ergueron. É a pregunta que se lle ten dirixido ao comunitarismo de autores como Bookchin, Barber e outros para quen a participación social debería desembocar na constitución de pequenas comunidades altamente soberanas, nas que primen as relacións cooperativas e de proximidade e nas que se desenvolva unha democracia o

2. Máis que a súa propia *participación*, reclamarían ao Estado accións 'reproductivas' (garantir á forza de traballo aquelas condicións de vida non cubertas polas empresas), 'instrumentais' (garantir a distribución desigual da propiedade privada e dos recursos con base na acumulación dos beneficios) e 'lexitimadoras' (xustificar a orde social existente e os beneficios da estabilidade e continuidade do sistema en ausencia de conflitos) (Alford e Friedland, 1985; Pickvance, 1995).

máis directa, local e consensual posible (e non só nos municipios, tamén nos centros de traballo).

As obxeccións críticas ao comunitarismo, non obstante, resúltanos familiares (son, en certa medida, problemas centrais da *modernidade*): 1) canta máis homoxeneidade social e máis coñecemento mutuo se busca, máis posibilidades existen de estimular a exclusión e a represión de todos aqueles que se consideran diferentes; 2) sería un artificio desproporcionado dividir en pequenas comunidades as actuais cidades e áreas metropolitanas con toda a complexidade, hibridacións e superposicións que as definen; 3) de proliferar o comunitarismo sempre se precisaría dalgún modelo superior que articulase os intercambios e interdependencias entre as distintas comunidades (ou municipios) con xustiza territorial (entre distintas poboacións próximas e afastadas no espacio, por unha parte, e no tempo -coas xeracións futuras-, pola outra) (Young, 1990: cap. VIII). Ou sexa, que todas as virtudes que encerra a participación no local entrarían en constante conflito coa imperiosa necesidade de cooperación (e, probablemente, menor participación) no global (por exemplo, no relativo á xestión entre varios municipios da auga, de hospitais comarcais, de estradas compartidas, de centros rexionais para o tratamento de residuos, etc.).

Sen embargo, ao mesmo tempo semellan insubstituíbles as accións de participación urbana en ausencia de intervención estatal pronta ou de rendibilidade empresarial lucrativa: como fan as comunidades de montes que utilizan os seus propios recursos para construír infraestruturas comunitarias de saneamento e electricidade, por exemplo; ou como manifestan as extensas periferias urbanas nas que a autoconstrución de vivendas contrarrestou con creatividade e organización as penurias materiais. Voltamos, pois, a indicar desbordamentos e friccións. A xente participa para cambiar aquelas situacións que percibe opresivas, non cando o decidan as autoridades e nos temas, prazos e límites que elas marquen. Mais Young ten razón, ao noso entender, en propor unha participación social que fomente, sobre todo, catro tipos de procesos enriquecedores da diversidade urbana:

1) *Diferenciación sen exclusión*, de forma tal que se poidan formar novos grupos e afinidades (sería imposible, por exemplo, imaxinarse a existencia de redes sociais entre persoas homosexuais se non dispuxeran dun contexto *urbano*) e que poidan convivir grupos diferentes mesmo en barrios ou zonas nas que predomine unha identidade (étnica ou demográfica, por exemplo).

2) *Variedade*, especialmente no que atinxe á plurifuncionalidade dos distintos espazos (onde se combine a produción, o comercio, o lecer, o debate, a natureza, etc.) e ao seu uso por múltiples grupos sociais.

3) *Erotismo*, no sentido de que o coñecemento de xente e culturas diferentes nos permita cuestionar a nosa propia identidade e ir reconstruíndoa constantemente a través desa mestura.

4) *Publicidade*, entendida como a necesidade de que existan numerosos espazos públicos accesibles e abertos a grupos sociais diferentes nos que debater, disentir, decidir ou, cando menos, onde recoñecer os diferentes³.

O máis esclarecedor desta formulación é que nos permite valorar a insuficiencia dalgunhas políticas públicas pretendidamente fomentadoras da participación cidadá. Estou pensando nos programas de promoción dun tipo de 'voluntariado' que coarta as posibilidades de opinar,

3. As ideas de Young poderían ser inxustamente tachadas de "posmodernas". É, por exemplo, o tipo de acusacións que recibiu Jane Jacobs cando formulaba nos anos 1960 un reto a todo tipo de planeamento (tanto o "moderno" como o "ecolóxico"), eloxiando o "dinamismo", a riqueza e a *inconsciente* seguridade que proporcionaba a vida nas rúas urbanas abertas dalgúns barrios céntricos *sen planificación*. O *posmodernismo* de Jacobs, sen embargo, orixinou comprensibles críticas que non se poderían aplicar a Young. Desde a visión da cidade e da planificación de Jacobs, non había lugar para entender a desigualdade urbana entre barrios de distintas clases sociais nin para que a poboación estivese interesada en modificálas participando activamente; os centros comunitarios eran desvalorizados ante a preeminencia das rúas; e non prestaría suficiente atención aos ritmos sociais non marcados pola velocidade do tráfico e da especulación (Mumford, 1968: 253-285; Scott, 1998: 132-146). Para unha disección do contexto e implicacións do posmodernismo desde a década de 1980, nada mellor que acudir de novo a Harvey (1996). Young, pola súa parte, non entendería as políticas participativas sen poñelas en relación co contexto de inxustiza social presente na sociedade urbana (a privatización dos suburbios residenciais, a conxestión do tráfico, a poboación sen teito, a criminalidade urbana, etc.): a participación urbana consistiría na promoción da *diferencia* e da *creatividade* nas relacións sociais que establecen as persoas de cada grupo social e coas de outros grupos (ou comunidades, ou municipios), ao mesmo tempo que se confrontan (tanto no seu decorrer como nos resultados das súas accións) os problemas esenciais da vida urbana desatendidos polas autoridades ou, simplemente, ingobernables e en incesante medra.

reclamar, organizarse, decidir e modificar os espacios de vida das persoas que participan nesas actividades (Gutiérrez, 1995). Tamén aconteceu algo semellante coas técnicas de participación experimentadas en numerosos 'planos estratéxicos' recorrendo a enquisas simplificadoras da opinión cidadá (accidentalmente, tamén a estudos máis cualitativos) e a xuntanzas de expertos e organizacións líderes da cidade que deixan fóra a moitas outras entidades sociais e a movementos sociais e procesos de participación xa existentes (Stoker, 1995; Martínez, 1999).

1.5 Lastres tecnocráticos

A participación no urbanismo abrangue un amplo rango de temáticas e iniciativas, superando mesmo ao xa de por si amplo abano existentes de regulacións urbanísticas. A poboación pode mobilizarse ante a video-vixilancia das rúas, ante o deterioro residencial dun centro histórico, ante as deficiencias da rede de sumidoiros ou do transporte público, ou tamén para apropiarse simbolicamente dos espacios públicos, para coñecer a súa propia historia urbana e local, ou para acometer independentemente obras de interese público. Os procesos de planeamento urbanístico representan, por tanto, uns momentos de oportunidade para interaccionar con aqueles procesos participativos, pero ao mesmo tempo establecen uns constrinximentos tales que nos convidan a consideralos como *excepcionais* en todo o que ten que ver co urbanismo e coa participación. Máis especificamente, na planificación da cidade (dos usos do solo, fundamentalmente) recaen sobre os técnicos responsables tantos conflitos de intereses e racionalidades que a participación cidadá semella introducir excesivo ruído suplementario (Zárate, 1991; Pickvance, 1994). Pero todas as análises históricas (Mumford, 1961; Lynch, 1981; Friedmann, 1987) demostran que a herdanza da omnipotencia tecnocrática é unha continxencia variable e modificable, malia que ínclitos representantes da *modernidade* a teñan defendido ata hai pouco: o máximo expoñente diso sería, tal vez, Le Corbusier (Ramón, 1967; Scott, 1998); mentres que, polo contrario, non foron casuais as coincidencias de formulacións ecoloxistas e participativas no seo do

urbanismo (Mumford, 1968; Arnstein, 1969; Goodman, 1971; Alexander, 1976; Masjuán, 1992).

Aceptemos, xa que logo, o interese da elaboración do planeamento urbano para a participación cidadá e analicemos agora por qué foi tan inusual esa mutua amizade⁴. En xeral, téñense recoñecidos os escasos avances nesta materia e sinalado tres conxuntos de condicións que dificultaron a participación social no urbanismo (Fernández Durán, 1993; Knox, 1993; Saravia, 1998):

1) Os plans xerais de ordenación municipal serían tan ambiciosos e complexos, con tantos detalles e "letra pequena", que non permitirían a súa comprensión global por parte da poboación e a participación organizárase, frecuentemente, de forma exclusiva en torno a uns temas "estrela" lanzados pola prensa local ou polos propios técnicos redactores.

2) Unha gran parte dos proxectos urbanísticos da última xeración (*posmodernos*) dedicaríanse a promover unha fragmentación urbana tal que se evitarían os procesos de debate en torno a eles, ao tempo que se eludiría a planificación *global* ante a dispersión provocada e as variables, a miúdo de índole internacional, que entran en xogo (estamos pensando nas renovacións dos centros urbanos, na construción de grandes redes de transporte, recintos feirais e de lecer, faraónicas obras museísticas e de congresos, complexos deportivos e comerciais, urbanizacións privadas de carácter suburbial, grandes espazos periurbanos e zonas agrícolas convertidas en espazos *desérticos* para actividades loxísticas e de almacenaxe, etc.).

3) O planeamento urbano remata por integrarse en dinámicas de "planificación estratéxica" que teñen un maior alcance que a simple regulación dos usos do solo, pero nas que se prima unha participación social neo-corporativista e se forzan consensos en torno a modelos de forte competitividade e crecemento urbanos.

4. Entre as experiencias participativas no urbanismo das dúas últimas décadas, baseámonos nalgunhas como as referenciadas en: Darke, 1990; Brand et al., 1991; Fainstein e Fainstein, 1993; Villasante, 1995.

A nosa propia experiencia traballando desde as dúas bandas (unha vez, case completamente a carón dun conxunto de organizacións comunitarias, como investigador e como asesor; outra vez, como sociólogo dentro dun equipo redactor) revelounos que existen outras condicións particulares igualmente impertinentes: os axustados prazos temporais que se marcan para aprobar o planeamento dentro da lexislatura do equipo gobernante que o promoveu; os limitados orzamentos económicos dispostos case exclusivamente para cumprir coa redacción dos documentos acordados nas bases do concurso (a información, o avance e o plan); a ausencia de suficiente comunicación e coordinación entre todas as área técnicas implicadas (arquitectos, enxeñeiros, avogados, biólogos, xeógrafos, economistas, sociólogos, etc.); a existencia de proxectos urbanos decididos polas élites políticas ou económicas con antelación á redacción do planeamento; a carencia de debate público suficiente e suficientemente aberto a asociacións veciñais e a outros colectivos sociais, con maior ou menor organización formal, limitándose a "exposicións" de carácter "divulgativo" e a foros excesivamente ríxidos...

Non estenderemos máis o listado, de momento. O que pretendemos argumentar é que un exame realista desta situación suxire limpar o camiño de todos eses obstáculos *técnicos*. Ou ben, cando menos, que calquera proceso participativo que se dinamice teña en conta esas ameazas ferreamente ancoradas nas experiencias urbanísticas de moitas localidades. A participación cidadá en materias territoriais preexiste e subsiste –é dicir, transcende– aos períodos de ordenación normativa. O contraproducente, ao noso xuízo, é poñerlle máis atrancos dos usuais ou mirar para outro lado. Agora ben, os "atrancos usuais" non son menos insidiosos debido a que proceden, en gran medida, do contexto dunha sociedade capitalista e dunha democracia liberal. Vexamos, por conseguinte, unha síntese deles en relación directa co urbanismo.

1. *De informantes a interrogantes.* De acordo coa lexislación vixente, a poboación pode participar, inicialmente, en calidade de informante

(cómo ven as cousas) e, despois, en calidade de críticos (en qué concordan ou disenten á luz dos documentos publicados). Pero non hai moitas garantías de que cheguen a bo porto todas as "interrogantes" que se enuncián ao longo de todo ese tempo. O primeiro que acontece é que non toda a poboación é avisada ou consultada, nin sequera todos os grupos sociais organizados ou afectados. E isto é máis manifesto nas etapas de propor suxestións ou alegacións, habitualmente protagonizadas por individuos ou persoas xurídicas que ven afectados os seus intereses particulares. No fondo, non todo o mundo dispón das mesmas condicións materiais e culturais para participar, o que salta máis á vista en relación ao excesivo tecnicismo da linguaxe que se utiliza nese ámbito, multiplicando as dificultades de comprensión e as económicas (no caso, por exemplo, de ter que contratar a un técnico que traduza esa información e a presente de forma axeitada). Os medios de comunicación de masas, por último, tampouco son as mellores canles para incitar á participación pública debido a que operan as súas propias seleccións informativas arbitrarias e, ademais, monopolizan os fluxos informativos relevantes ao proceso de redacción (por diante doutros medios de comunicación de barrio, asociativos, en soportes variados e informais, etc.). Por esas razóns, para estimular unha maior participación pública na definición do interese colectivo implicado na ordenación urbanística, tense proposto incentivar un "clima de participación" e distintas modalidades de "participación urbana" xenérica (Villasante e Alguacil, 1992; Acosta, 1992).

2. *Da flexibilidade á incerteza.* Cando desde a Administración ou desde os equipos técnicos de planificación se acolle favorablemente a participación cidadá no urbanismo, resulta necesario introducir mecanismos que flexibilicen os procedementos (por exemplo, aumentando os períodos de tempo de exposición) e promover procesos que desborden as restricións normativas (por exemplo, dedicando esforzos a facilitar toda a información e os espazos de debate que se reclamen). Sen embargo, as intencións das autoridades limitáanse aquí a acelerar os consensos e a reforzar a lexitimidade da súa acción de goberno e de planificación. É

dicir, que as prácticas de flexibilidade institucional se orientan a reducir a complexidade, cando a participación social xerada actúa en sentido contrario, incrementándoa: con máis fluxos informativos, accións, grupos sociais que interveñen e conflitos entre eles. A máis complexidade, máis incerteza e, por tanto, menos seguridade en que a participación cidadá resolva máis conflitos dos que crea (Leal, 1982).

3. *Da desigualdade á diversidade.* A igualdade formal ante a lei ten a súa cruz en situacións tales coma a veloz aprobación de planos urbanísticos fronte aos que só se lles poden opoñer pleitos que evolucionarán lentamente, a resolución arbitraria das alegacións e, sobre todo, a exclusión de todo o proceso de planeamento de colectivos sociais que non poden expresar os seus intereses e necesidades debido á súa idade (infantes, mocidade e ancianidade, por exemplo), á súa cualificación cultural e escolar, ao sexo ou á carencia de representación organizada (non só porque non existe ningunha organización que o faga, senón porque hai colectivos -como as xeracións futuras, os usuarios e turistas non residentes ou a poboación residente en municipios próximos ou noutros lugares do mundo afectados por algún proceso urbano, como o consumo de auga, de alimentos ou de enerxía- que dificilmente poderían ser representados formalmente). Non sabemos se esas desigualdades se reducirían con maiores competencias e capacidades económicas -e non só urbanísticas- dos municipios (Font, 1985), con maiores graos de descentralización comunitaria e de coexistión cidadá dos servizos públicos (Villasante, 1995) ou con procesos de participación distintos para cada colectivo social (Booth, 1998). En todo caso, queda patente que os procesos participativos integrarían -nalgunha medida non necesariamente proporcional en número ao universo de individuos aos que se remita- unha diversidade de colectivos, relacións sociais, situacións e accións municipais confrontadas directamente coas desigualdades sociais existentes. Isto significa, en definitiva, que esa realidade non podería ser tratada de forma homoxénea por parte dos administradores da lei cando se insiran en procesos participativos.

1.6 Eixes da aprendizaxe participativa

Propuxémonos ao principio volver a definir o sentido da participación social no urbanismo debido a que atopamos demasiados paradoxos e reveladores problemas prácticos á hora de facerlles un oco nas concepcións tradicionais da ordenación, a xestión e a transformación do territorio. A nosa estratexia, por tanto, consistiu máis en examinar a complexidade sociolóxica que albergan os procesos participativos, e menos en elaborar un modelo pechado que os incentive operativamente. Non obstante, conviría recapitular algúns dos principios suxeridos na perspectiva aquí defendida:

1. A participación cidadá en materias espaciais transcende habitualmente as estreitas marxes institucionais nas que se pretende encorsetar.

2. Os procesos participativos van tamén alén da simple e superficial información, tanto se a frecha desa transmisión procede das institucións como se chega a elas, implicando necesariamente unha investigación explorativa das potencialidades de cambio social, o debate, o disenso, a comunicación e a negociación en profundidade.

3. A participación social formula, en maior ou menor medida, transformacións sociais en xeral e alternativas populares de organización democrática en particular, pero nunca de forma unilateral nin con utopías fechadas *a priori*, senón partindo dos conflitos sociais existentes e reproducindo outros tantos no seu desenvolvemento.

4. Son tan indisociables da participación urbana as tendencias descentralizadoras e localistas, como o incremento da diversidade urbana, as oportunidades de acceso aos espazos públicos e a xustiza territorial.

5. Nos procesos de planeamento urbanístico fracasou a participación social debido a unha deficiente interacción coa cidadanía e a non xerar procesos dinámicos que transcendan os condicionamentos tecnocráticos e normativos máis persistentes.

6. Os procesos participativos incrementan a complexidade, diversidade, conflitos e incertezas xa de por si presentes na práctica urbanística corrente, polo que non se trataría dunha simple anomalía a fonda tensión que existe entre as tentativas institucionais por controlar a participación e as tentativas cidadás por desbordar os ámbitos sociais e espaciais nos que intervir.

Con esta avaliación, como se pode deducir, non sae moi ben parada a práctica actual do urbanismo democrático. A participación cidadá segue a ser unha materia pendente. Algo comprensible cando se descobre que unha boa parte dos procesos participativos non só se orientan a colaborar na transformación do territorio, senón que tamén promoven modelos de cidade alternativos ao predominante desenvolvemento especulativo. Incomprensible, non obstante cando asistimos á "dobre lingua" dos discursos políticos a prol da participación e poñendo tan pouco da súa parte para facela efectiva: é dicir, cando se perverten as cláusulas mínimas de estudar, planificar e urbanizar de acordo cun coñecemento compartido e consensuado acerca das necesidades sociais e do tipo de calidade de vida desexado a escala local e mesmo planetaria.

Por esas razóns dedicamos o anterior punto a enunciar os "lastres tecnocráticos" máis incisivos na participación urbana. Deste xeito procuramos distinguir as eivas que deberíamos superar no camiño e sobre as que estar alerta sempre que se pretenda catalizar un proceso participativo (antes, durante ou despois do planeamento urbanístico). A maiores, esperamos ter esclarecida a nosa concepción da participación cidadá no urbanismo como un proceso que comporta conflitos e incertezas con respecto aos seus resultados, á vez que ten moitas probabilidades de satisfacer necesidades sociais e de socializar democraticamente á pobo-

ación durante o seu desenvolvemento. En consecuencia, reprimila, por acción ou por omisión, non conduciría máis que a novas formas de despotismo ilustrado.

2. Experiencias galegas no espello

Exporemos aquí as dúas principais experiencias galegas que coñecemos no eido da participación no urbanismo: en concreto, nas cidades de Vigo e Santiago de Compostela. Para iso, referirémonos, en primeiro lugar, ao contexto social e urbano de Galicia. No seguinte punto relátanse, de forma moi sintética, as principais características que tivo a participación cidadá en materias urbanísticas desenvolvidas no Plano Comunitario do Casco Vello de Vigo. A continuación, describiremos o proceso de constitución dos Foros Veciñais na cidade de Santiago de Compostela e as prácticas de participación cidadá que desencadearon en eidos como o medio natural e o urbanismo. Consideramos que estes dous estudos de caso poñen de relevo a amplitude, complexidade e conflictividade que son inherentes aos procesos participativos na transformación territorial, ao mesmo tempo que demostran as capacidades sociais e as limitacións que teñen procesos con moi distinta orixe e repercusión.

2.1 Contextualizando as análises da participación

Non resulta doado atopar relevantes experiencias de participación social no urbanismo en Galicia cando restrinximos esa busca aos momentos máis rutineiros de ordenación e xestión territorial. Non obstante, cómpre destacar aquí aqueles casos dos cales tivemos un maior coñecemento directo e nos que se puxeron de relevo inauditas intervencións comunitarias e veciñais vencelladas ao planeamento urbano e, asemade, á transformación social. Nomeadamente, a consolidada traectoria do Plano Comunitario do Casco Vello de Vigo e o proceso de constitución de Foros Veciñais en Santiago de Compostela. Mais non se trata dos únicos casos dignos de mención: outros planos comunitarios, asociacións veciñais de distintas localidades, consellos municipais con-

sultivos, mancomunidades de montes ou mobilizacións ecoloxistas, por exemplo, deron conta tamén dunha nova *conciencia cidadá* socio-territorial en Galicia durante as últimas décadas⁵.

O que ten de singular o noso contexto urbano e de organizacións sociais axuda a explicar, en boa parte, o sentido que adquiriron esas experiencias participativas en ningún caso illadas. Por unha banda, é conveniente diferenciar a Galicia atlántica e a Galicia interior. O corredor litoral –máis poboado e industrializado– abrangue á meirande parte das principais cidades e localidades das áreas metropolitanas que están baixo a súa influencia económica e cultural (Vigo, Pontevedra, Vilagarcía, Santiago de Compostela, A Coruña e Ferrol, fundamentalmente), destacando por pronunciados períodos de medre e tamén de crise nos que os movementos veciñal e sindical gañaron en protagonismo, desde mediados de 1970 en diante, ademais de ir abríndose camiño os fenómenos de *suburbanización* e deslocalización residencial e industrial que se experimentaron salientablemente na última década. Por outra banda, habería que entender o relativo "estancamento" das zonas máis rurais a partir dos desequilibrios moi marcados entre as principais cidades e vilas (Ourense, Lugo, Monforte, Lalín, O Barco, Ordes, As Pontes, Verín, etc.) e o resto do territorio ao seu redor. Eses desequilibrios son especialmente manifestos nun auxe económico e constructivo no primeiro conxunto durante as últimas dúas décadas froito, entre outras causas, do retorno de capitais forxados na emigración e de procesos de especialización industrial local; e na acusada despoboación que sofren amplas extensións rurais afastadas daqueles núcleos (Precedo, 1987; Rodríguez, 1999; AA.VV., 1999; Souto, 2001).

Lonxe dunha estampa bucólica de Galicia que remite ao estereotipo de estabilidade, de estancamento e dunha ruralidade dominante, o rápido dinamismo social e urbanizador das últimas décadas manifestouse, entre outras dimensións, na progresiva extensión de planeamentos

5. Debido a limitacións de espazo, non podemos estendernos neste traballo sobre outros casos galegos de participación social que tamén merecen atención, especialmente polas carencias e dificultades que amosaron á hora de afondar e darlles continuidade aos procesos participativos: a rehabilitación do centro histórico de Allariz, a redacción dos plans xerais de ordenación urbana de Vigo e Santiago de Compostela, a elaboración do Plan Estratéxico de Vigo e da súa Área de Influencia e un estudio de revitalización do centro de Vigo.

urbanos con maiores garantías cás ofrecidas polas normativas anteriores (especialmente a partir da Lei 1/1997⁶) e na *normalización* social no uso de mecanismos, institucionais ou non, para exercer a participación cidadá: creación de regulamentos de participación (por exemplo, o aprobado en Vigo en 1991-Pérez, 2000: 167- ou o de Santiago en 1998 - Lorenzo et al., 2001-); movementos veciñais en denuncia de irregularidades urbanísticas (a loita polos espacios verdes "desaparecidos" do polígono de Coia en Vigo, por exemplo) (Souto, 1990; Ruíz, 1992); algúns casos de elevadas cantidades de alegacións aos planeamentos urbanos (como as 300 de Lalín en 1994 e as 200 do Carballiño en 1997) (Rodríguez, 1999: 115); ou as diversas e intensas mobilizacións sociais fronte á construción de encoros, estradas ou centros de recollida de lixo (García Añón, 1995).

Estes e outros procesos participativos menos documentados proban que a difusión de tales patróns de *modernidade* democrática está xeneralizándose por toda Galicia e que configuran un contexto co que *interaccionan* (aprenden deles, aproveitan as oportunidades que abren, incrementáneos, etc.) os axentes das experiencias locais concretas ás que nos referiremos.

2.2 Participación urbana do Plano Comunitario do Casco Vello de Vigo

Malia a súa dilatada experiencia de máis dunha década en Galicia, os 'planos comunitarios' seguen a ser bastante descoñecidos. Trátase dunha sólida e orixinal coordinación de colectivos veciñais, asistenciais, educativos, culturais e relacionados coa saúde dalgúns barrios urbanos que sufrían graves problemas de desemprego na mocidade e de drogo-dependencias na década de 1980. Ás veces foi o persoal técnico quen promoveu esa unidade organizativa, outras veces, como aconteceu en Vigo e Santiago, foron as propias asociacións veciñais. En todos eles se tendeu a que a poboación local participase na análise, planificación e intervención social no barrio desde unha visión o máis integral e holís-

6. Cómpre lembrar que no mes de xaneiro de 2003 entrou en vigor unha nova lexilación galega en materia de orde-nación urbanística (a Lei 9/2002) sen ningún avance significativo en materia de participación pública.

tica posible. É dicir, a implicarse en procesos que podemos denominar de "investigación-acción-participativa" e sen reducirse aos eidos de saúde comunitaria para os que conseguían as súas principais fontes de financiamento (a través do Plan Autonómico sobre Drogodependencias, da Xunta de Galicia). Así xurdiron e continúan, pois, os planos comunitarios de Caranza (en Ferrol), de Vite (en Santiago), do Barrio Histórico e de Teis (en Vigo), de Labañou-Distrito V (na Coruña) e, máis recentemente, de Monteporreiro (en Pontevedra), aos que poderíamos sumar outras experiencias con semellante metodoloxía en Ribeira e mais en Marín (Marchioni, 1994; Costa, 1999; Álvarez, 1999; Martínez, 2001).

No centro histórico de Vigo fíxose especial fincapé, durante algúns anos, no eido urbanístico, debido á existencia dun Plan especial de rehabilitación interior que comezaba a ser executado para cando nace formalmente o plano Comunitario (1991), por unha banda, e tamén debido aos graves problemas de contaminación acústica, degradación dos espazos públicos e situación da vivenda, pola outra. Tanto os técnicos do propio Plano, como un equipo de sociólogos e arquitectos (financiado pola concellería de Planeamento e Patrimonio Histórico do Concello de Vigo), iniciaron unha experiencia de coñecemento participativo de ambas cuestións desde unha das comisións do Plano Comunitario (a de rehabilitación integral). Nesa comisión programábase e consensuábase a investigación, devolvíanse e discutíanse os resultados parciais cunha periodicidade acorde ás xuntanzas da comisión (semanal ou quincenalmente, segundo as épocas) e planificábanse, conxuntamente, as accións de seguimento, control, denuncia ou as propostas que se consideraban axeitadas.

Na comisión e na propia investigación socio-urbanística emprendida examinábanse os contidos do planeamento, tanto como as súas execucións puntuais; preparábanse as xuntanzas de negociación co Concello; organizábanse xuntanzas informativas no barrio xunto cos técnicos municipais; e discutíase criticamente, de forma continuada, acerca dos logros e atrancos que se estaban a percibir nas relacións par-

participativas establecidas en relación ao urbanismo de rehabilitación no barrio histórico. Cómpre salientar que todas esas actividades eran socializadas coas outras entidades integradas no Plano Comunitario (mediante as xornadas anuais, por exemplo) e buscando constantemente a implicación dos habitantes da zona nas accións comunicativas ou de protesta desenvolvidas. Asemade, a participación social manifestábase nunha dimensión de aprendizaxe continuada da poboación: por medio do coñecemento colectivo xerado, por medio de traballar conxuntamente con mozos (en tarefas de deseño gráfico, por exemplo, á hora de facer exposicións, panfletos ou carteis) e adultos do barrio (mesmo nun lugar con sobresaínte avellentamento demográfico), ou por medio da cualificación en habilidades específicas (interpretar planos e lexislación ou facer cursos para constituír unha cooperativa de vivendas, por exemplo).

Tamén é de destacar a perspectiva "integral" que se adoptou á hora de enfrontarse cos problemas urbanísticos: a recuperación da propia historia, a reapropiación festiva e didáctica dos espazos, a crítica socioespacial de problemas de saúde e educativos (desde a localización dos equipamentos e a demanda doutros complementarios, ata o traballo directo nas rúas) ou o fomento do asociacionismo e o pequeno comercio (vinculado ou non ao Plano Comunitario). De feito, a asociación veciñal deste barrio fora unha das pioneiras en todo Vigo cando desde 1971 se opuxo con éxito á *renovación hixienista* (máis ben, habería que dicir "especuladora") do barrio da Ferrería, no contorno do Castelo de San Sebastián no que se edificou o rañaceo que hoxe é sé consistorial, dando pé a outras esixencias de participación cidadá no urbanismo, de tipo *colaborativo* (co Concello), por parte doutras asociacións veciñais da cidade (na Florida ou no Calvario, por exemplo: Pereiro, 1981: 208). A propia redacción do PERI do barrio desde 1984 (aínda que a súa aprobación restrasouse ata 1991) supuxera un fito histórico en canto á confluencia de intereses, entusiasmos e colaboración entre técnicos e poboación do barrio histórico (realizándose, por exemplo, ata unha singular

enquisa en forma de concurso sobre unha "quiniela urbanística") (Martínez, 2001: 198).

A redacción dun novo PEPRI a partir do ano 2000, sen embargo, xa se fixo nun ambiente diametralmente oposto e pouco favorable á participación cidadá nese planeamento, debido, principalmente: a) á persistencia de moitos dos problemas urbanísticos e sociais do barrio (mesmo despois da execución dun programa europeo, o URBAN, moi intensivo na dotación de infraestructuras e obras públicas, con pequenas doses de apoio ao emprego na mocidade, e con programas de dinamización cultural e educativa, pero con moi escasa participación social); b) á falta de apoio municipal ao propio Plano Comunitario (especialmente, no relativo á contratación de persoal técnico); c) á lóxica crise de renovación *xeracional* de activistas dentro do conxunto de organizacións que configuraban o Plano Comunitario; e d) á descontinuidade que tiveron as experiencias de participación no nivel máis específico do urbanismo, despois de confrontacións co Concello e de non achegamento ás organizacións do barrio por parte dos novos técnicos planificadores.

En resumo, poderíamos explicar esta experiencia, en primeiro lugar, a partir da existencia dun notable e persistente movemento cidadá en Vigo que segue, mesmo hoxe (máis nas parroquias periurbanas que no centro urbano), moi preocupado polo planeamento urbano e cunha longa traxectoria de interacción con políticos e urbanistas (Souto et al., 1994; Pérez, 2000). Isto é especialmente certo na historia do Barrio Histórico, pero non abonda para entender o orixinal da súa participación urbana. O segundo elemento distintivo, pois, constituiríano a capacidade de coordinación comunitaria de numerosas organizacións sociais do barrio (veciñais, culturais, recreativas, deportivas, relixiosas, comerciantes, persoal técnico dos equipamentos públicos, etc.) e de implicación da poboación non afiliada formalmente (na organización das festas, nas asembleas puntuais, nas xornadas xerais do Plano Comunitario, etc.) e de técnicos dinamizadores que exercen participativamente as súas capacidades cualificadas. En terceiro lugar, deberíamos destacar a flexibilidade

de das dinámicas participativas para pasar con autonomía de proveitosos momentos de negociación e colaboración co goberno local, a outros de denuncia e protesta pública, mais ofrecendo sempre propostas creativas e os puntos de vista dos colectivos do Plano Comunitario. En cuarto lugar, cómpre salientar que a riqueza e holismo do proxecto do Plano Comunitario é algo que transcende as estreitas marxes da participación na ordenación urbana e apunta a procesos de 'participación urbana' máis amplos (desenvolvemento local, autoconhecimento e autoplanificación comunitarias, cooperativismo, educación non formal, calidade medioambiental do espazo público, solidariedade alén do asistencialismo institucional, etc.) que nutren de fortaleza aos primeiros.

2.3 O Foro Veciñal en Santiago de Compostela.

No marco do déficit de infraestruturas e equipamentos, dos efectos da especulación inmobiliaria sobre o mercado da vivenda e dunha situación política marcada pola contestación ao réxime franquista, en torno ao 1974 xorden en Santiago as primeiras asociacións veciñais (aínda en situación ilegal) en barrios periféricos: Conxo e Castiñeiriño. Desde a súa constitución, multiplicada por diversos barrios e parroquias, ata as primeiras eleccións democráticas no municipio, o movemento veciñal caracterizouse pola súa coordinación, por unha orientación ao traballo comunitario de base e pola construción dunha proposta propia de democracia participativa, con base nos consellos de barrio.

Esta etapa inicial verase truncada pola consecución dos primeiros gobernos locais democráticos, o protagonismo acadado polos partidos políticos (que se nutrirán de cadros veciñais) e por un repregue do traballo asociativo ao ámbito de cada barrio. Será na década dos 80, marcada polo xurdimento de novas problemáticas sociais (paro xuvenil, drogadicción, inseguridade cidadá, desarticulación social, etc.) cando as asociacións veciñais volvan coordinarse para a construción dun novo proxecto común: a creación da Federación de Asociacións Veciñais e, nalgúns barrios, o impulso a novas metodoloxías de traballo no ámbito

local: os planos comunitarios. Sen embargo, a Federación sofre gran conflictividade interna que rematará na escisión, dunha parte, das asociacións veciñais do ámbito rural, que constitúen unha federación propia (FERUSA) e, doutra, dun conxunto de asociacións urbanas que simplemente se desvinculan rompendo as canles de coordinación horizontal e multidireccional.



Foro Veciñal de Santiago de Compostela

Foro Veciñal. Relatamos a grandes trazos como se desenvolveu este proceso.

Durante o ano 2000 a Concellería de Relacións Veciñais impulsou distintas estratexias para o afondamento das relacións colaborativas entre asociacións e Administración. Unha desas liñas foi cara á constitución do Consello de Relacións Veciñais, como órgano consultivo para o establecemento das políticas desa área da Administración Local. Outra vai ser esta investigación participativa sobre a historia e a situación actual do movemento veciñal de Compostela. Nela participaron, xunto cun equipo técnico, dous grupos de traballo, integrados por membros de distintas asociacións.

A partir do ano 2000, o movemento veciñal inicia un proceso de autodiagnose⁷, inserido nunha investigación-acción participativa (Lorenzo et al., 2001; Lorenzo, 2002) que vai desenvolver unha proposta novidosa no desenvolvemento de relacións máis participativas entre as asociacións e a Administración Local: o

7. Este proceso foi impulsado inicialmente pola Concellería de Relacións Veciñais, contando co asesoramento e a dinamización do equipo de CIDADANIA S. Coop. Galega.

As conclusións tiradas foron expostas nas Primeiras Xornadas do Movemento Asociativo Veciñal de decembro dese mesmo ano, onde tamén se realizaron obradoiros de reflexión e proposta de liñas de traballo cara adiante.

O foro veciñal vai ser unha destas liñas propostas. Tratábase de crear un espacio de encontro e debate que rompese a anterior desconexión entre as asociacións de cada barrio e parroquia e puidese contribuír á reflexión conxunta e á conformación de propostas de mellora da calidade de vida desde o conxunto do movemento compostelán. Tamén de constituírse como espacio complementario ao Consello de Relacións Veciñais: mentres este último ten unha lóxica máis representativa e máis apegada á axenda municipal, o foro formulouse como lugar integrador (dun número maior de posicións e perspectivas) e de debate dos temas que marca o propio movemento.

O Foro Veciñal é, en sentido concreto, unha reunión á que están convocados o conxunto das asociacións e cidadáns, así como representantes políticos e técnicos dos distintos departamentos do Concello, empresas concesionarias, etc.

En sentido amplo, é un dispositivo que pretende a activación dunha reflexión en común e un punto de encontro para contrastar e construír. Por iso, antes da realización de cada foro-reunión, unha Comisión de Coordinación -formada por veciños e un técnico- elabora unha recollida de opinións previa sobre o tema que se vai tratar e a plasma nun documento que se distribúe entre todas as asociacións. Esta comisión tamén avalía o funcionamento do foro e introduce propostas metodolóxicas co ánimo de potenciar a capacidade de reflexión, debate, proposta e incidencia social deste espacio.

A primeira xuntanza do foro tivo lugar o 21 de setembro do ano 2001 e abordou distintas problemáticas en relación ao Medio Ambiente en Santiago. Asistiron 80 persoas dos movementos veciñal e ecoloxista,

veciñas e veciños de xeito individual, así como tres representantes políticos municipais. Noutras reunións desenvolvidas abordáronse cuestións como o tráfico, o transporte, o funcionamento da administración pública e a potenciación da democracia participativa, todas elas marcadas polo propio movemento veciñal como temas de interese 'sentido'.

Desde o foro elévanse propostas á Administración, trázanse estratexias conxuntas de relación cos medios de comunicación e de potenciación da democracia participativa (por exemplo a actual disposición a transformar o 'foro veciñal' nun 'foro cidadá', coa conseguinte dinamización da participación cara a outros sectores asociativos e cara á cidadanía en xeral).

Como tal, o foro veciñal non ten poder decisorio sobre ningunha actuación da administración pública: as súas propostas son canalizadas a través dos propios representantes políticos ou dos membros do Consello de Relacións Veciñais. A súa potencialidade democratizadora está en constituírse como espazo de articulación de proxectos colectivos e de xeración de reflexión e proposta respecto dos mecanismos da democracia local. Tamén como espazo de diálogo entre entidades asociativa, técnicos municipais e representantes políticos. Unha das liñas de traballo abordadas é precisamente respecto da apertura participativa no proceso de planeamento xeral que actualmente está a desenvolverse no municipio.

No obradoiro de debate realizado en novembro de 2002, con contribución en aprendizaxe dunha experiencia catalana de urbanismo participativo, dun técnico municipal da área de urbanismo e dun membro do equipo de redacción do Plan xeral de ordenación urbana, ademais de diferentes persoas das asociacións veciñais e un equipo dinamizador, perfiláronse as seguintes propostas concretas:

1. Facer xuntanzas coas asociacións veciñais para expor o PXOM. Que os espazos sexan participativos e non meramente informativos ou mesmo propagandísticos.

2. En cada un dos sitios se desenvolverían dúas xuntanzas: unha primeira que tivese unha explicación moi pedagóxica por parte dos técnicos, deixar un tempo para a reflexión por parte dos colectivos e unha nova xuntanza cos técnicos para debater en maior profundidade os temas trazados por cada colectivo.

3. Ademais se podería recoller unha especie de literatura explicativa dos conceptos urbanísticos, o que se podería chamar un manual básico de urbanismo.

4. Que o Consello de Relacións Veciñais sexa quen de convocar, non só ás asociacións veciñais, senón a outro tipo de asociacións e ao resto da poboación que puidese estar interesada.

5. Á parte de convocar a todo o tecido asociado, estaría ben que neste proceso se fixese unha mostra aleatoria entre a poboación, para abrir o proceso a máis xente que non o coñeza.

Neste momento non está formulada aínda unha estratexia concreta para levar adiante estas propostas. Os ritmos deste proceso participativo en Santiago poderían considerarse, desde unha inquedaanza por ver resultados, lentos. Por exemplo, en decembro de 2000 abordouse un traballo colectivo sobre os orzamentos participativos (con base na experiencia de Las Cabezas de San Juan, na provincia de Sevilla) (Encina et al., 2002). Dous anos máis tarde, volve abordarse este traballo nun obradoiro centrado nas estratexias para o seu impulso en Santiago, ao tempo que o orzamento da Concellería de Relacións Veciñais se abre á decisión das asociacións. Aínda precisaremos moito máis tempo para valorar os efectos que isto ten na mudanza da cidade e do municipio.

3. Suxestións para provocar prácticas participativas na universidade urbana

A continuación presentaremos algunhas ideas sobre a aplicación práctica das metodoloxías participativas na transformación territorial.

Nesta ocasión, centrarémonos unicamente naquelas iniciativas de planificación e xestión que pode desenvolver a Administración Pública (nomeadamente a Administración Local) cando os seus responsables se comprometen a incorporar a participación cidadá nos seus modelos de intervención (tanto no deseño como na implementación de políticas públicas). Pensamos, xa que logo, que estas suxestións terían validez para procesos de ordenación urbana propios das distintas figuras de planeamento ou relativos a plans integrais de desenvolvemento, ás Axendas 21 locais ou aos plans estratéxicos, por poñer algúns exemplos próximos. Tamén serían de aplicabilidade aos orzamentos participativos, que se desenvolven, nas máis das veces, sobre o capítulo de investimentos (en "infraestructuras").

Como se desprende de todo o exposto ata agora, un dos puntos de partida deste tipo de procesos é a vontade política do goberno local para 'ceder poder'. Nos casos que coñecemos, esta vontade non é, de todas formas, unidimensional nin clara: preséntase cargada de ambigüidades, desata medos, coexiste coas lóxicas da representatividade (entrando en conflito coa fonte de lexitimidade que teñen os 'representantes' para decidir), con prácticas de relación competitiva entre partidos, de captación de votos.... É dicir, amosa lóxicas que introducen ruído nos procesos participativos e que, de non cotrarrestarse, poden bloquealos ou desvirtualos.

3.1 Fundamentos para contar coa participación cidadá na ordenación e a transformación do territorio

Situémonos, a título de exemplo, nun dos aspectos que se traballa na ordenación territorial: o da mobilidade. Poderemos diagnosticar, en moitas das nosas cidades, a existencia dun modelo de mobilidade con preeminencia dos vehículos a motor e do transporte privado sobre outras formas de desprazarse máis saudables e sostibles (mobilidade peonil, uso da bicicleta ou uso do transporte colectivo). Na nosa diagnose problematizaríamos as consecuencias do modelo dominante sobre a nosa calidade de vida (a que gozamos ou padecemos agora e a das xeracións

futuras): sería un modelo non sustentable desde o punto de vista do consumo enerxético (modelo de consumo que provoca catástrofes medioambientais e económicas como as vividas máis recentemente co afundimento do *Prestige*, entre outras moitas), pero tamén sería excluínte para todos aqueles colectivos sociais cunha capacidade adquisitiva que non lles permite posuír un coche propio, e con moi diversas consecuencias negativas sobre o medio urbano (contaminación ambiental e acústica, acoutamento da rúa como espacio de circulación de vehículos, coa perda do seu carácter de espacio de encontro, intercambio e paseo, con repercusións para a saúde, etc.). Tamén abordariamos qué necesitan satisfacer, no plan da mobilidade, distintos colectivos sociais e sectores: para desprazarse ao colexio, aos lugares de traballo, aos espacios de lecer, para transportar mercadorías, para ofrecer servicios, etc.

Toda esta cadea complexa de 'causas' e 'efectos' do modelo de mobilidade, serviría de marco para que a Administración Local (soa ou en convenio con outros niveis administrativos) implementase políticas de 'calmar o tráfico' nalgunhas áreas determinadas, orientalo cara a outras, potenciar o transporte público ou peonilizar traxectos..., todas elas cuestións que van ter unha incidencia tímida no cambio de modelo, xa que no seu 'sostemento' están a intervir moitas outras cuestións afastadas das competencias do departamento de tráfico: a deslocalización de espacios residenciais e industriais (hai que desprazarse máis e a maiores distancias), ou a vinculación cultural (inducida polo mercado) entre automóbil e conceptos positivos como a autonomía, a liberdade de movemento, a ostentación e o prestixio social.

Como se pode comprobar, en consecuencia, as políticas de mobilidade están condicionadas por políticas doutras áreas (vivenda, economía, cultura...) e doutros niveis territoriais. Ao mesmo tempo, elas propias condicionan o espacio de posibilidade de mellora social e económica en distintos eidos: a saúde, a habitabilidade, os prezos do solo, o comercio, etc. (Ward, 1991).

Pero, ¿que queremos dicir por "integral"? Vexamos tres implicacións directas deste concepto cando o aplicamos ás políticas públicas:

a) No que respecta ao tratamento que poida facerse desde a Administración: este tratamento deberá ser interdepartamental e de colaboración entre distintos niveis administrativos.

b) No que se refire aos distintos corpos técnicos e científicos: deberase potenciar o traballo inter e tansdisciplinar (colaborando, discutindo e investigando-planificando en común).

c) E no que respecta ao conxunto de actores/sectores sociais que están implicados: deberá contar coas propostas dunha pluralidade social ampla. Desde a opción por unhas ou outras prácticas cotiás ata a posibilidade de articular socialmente proxectos alternativos, a cidadanía (organizada en asociacións ou non), ten e exerce capacidades reais de transformación. Nalgúns eidos de traballo (notoriamente cando se ordena o territorio) precísase valorar que os sectores privados (constructoras, inmobiliarias, comerciantes, empresas de transporte...) mobilizan recursos e exercen unha influencia moi tanxible, o que lles reserva unha cota efectiva de poder sobre o desenvolvemento territorial. Polo tanto, deberá estudiarse a forma en que a súa participación nos procesos de transformación urbana poida responder con garantías aos requerimentos democráticos (busca do interese xeral-social)⁸.

As anteriores implicacións concordarían cos postulados de teorías que basean as súas propostas "modernizadoras" do funcionamento da Administración Pública en conceptos como o 'gobierno relacional', a 'governabilidade' (do inglés *governance*) ou o 'capital social' (Taylor, 1996; Font, 2001; Blanco et al., 2002). As novas formas de gobernar propostas desde estas liñas de traballo parecen converxer nun certo espazo compartido coas propostas que, desde a busca de democracias participativas 'de base', están a desenvolverse en moi distintos lugares do mundo (Villasante, 1995; Blackburn et al., 1998).

A aposta pola participación cidadá como estratexia "modernizadora" da Administración Pública está baseada en dúas interpretacións. A

8. Non podemos aquí concretar de forma máis precisa a forma de articular esta participación e estas garantías. Xa expuxemos na primeira parte que os procesos participativos se desenvolven como 'exploración' das potencialidades das situacións concretas e dos grupos implicados para conseguir cambios. Neste sentido, as garantías non virán marcadas só pola forma en que se regulen (normativamente) os procesos, senón pola combinación de estratexias, de alianzas e de creatividade que poidan desenvolverse neles.

primeira ten relación coa incapacidade da Administración de gobernar "sen" a participación social. A segunda busca demostrar cómo as distintas organizacións sociais e cidadás que participan na definición e seguimento das políticas públicas, mobilizan recursos de 'coñecemento' e 'creatividade' engadidos aos que a propia Administración pode mobilizar por si mesma, polo que contribúen a facer análises máis completas e matizadas e propostas máis creativas e operativas, incidindo positivamente sobre a eficacia e eficiencia da acción de goberno.

A argumentación da imposibilidade de gobernar "sen" participación, está ligada á concepción dos sistemas sociais como sistemas complexos. Efectivamente, cada vez máis análises revelan que o goberno local non ten capacidade para xestionar por si só esta complexidade (Alford e Friedland, 1985; García, 1995). Necesita, para iso, da implicación e colaboración doutras administracións e de colectivos cidadáns máis ou menos organizados. É dicir, de accións cooperativas, colaborativas, de traballo en redes e de novas institucións que coordinen eses conxuntos relacionais.

A participación, en tanto que proceso no que se conseguen dinamizar os recursos creativos da poboación, toma relevancia como estratexia de mudanza dalgunhas das dinámicas que máis están a ameazar aos espazos locais e ás súas capacidades de responder de forma xusta e igualitaria ás necesidades sociais, tanto da poboación actual, como das xeracións futuras. Estamos a falar: a) do esgotamento de recursos (energías non renovables, deforestación, etc.); e b) da uniformización cultural (esgotamento das respostas da comunidade local aos novos problemas, desde e con base en cada realidade social, cultural, identitaria, etc.). O modelo de desenvolvemento territorial deberá, neste sentido, garantir que os *ecosistemas que creamos se sosteñan* e que as *nosas comunidades teñan capacidade de aprender, contribuír e avanzar* (Villasante, 2002).

As dúas dimensións lévannos á busca de procesos de transformación social e territorial que sexan procesos de rexeneración (nun caso de

rexeneración enerxética e noutro caso de rexeneración de información). Non se propón, polo tanto, atender exclusivamente a unhas metas fixadas (en forma de índices de calidade de vida), senón de atender e traballar esas *capacidades de rexeneración*. A dinamización e a creación de espazos de participación social contribúe a esa rexeneración informativa. Será no contraste de visións e perspectivas (dos problemas e das posibles solucións e aspiracións...) *desde* e *entre* distintos colectivos sociais, onde se asentará o traballo de construción de coñecemento e de proxecto.

3.2 Qué ten que contemplar unha política para ser participativa

Córrese o perigo de que os responsables políticos preocupados conscientemente por esa necesidade de 'xestionar a complexidade con outros', rematen por reducir a súa estratexia a 'facer participar ao maior número de axentes no *meu* proxecto', ou a un mero exercicio de busca de lexitimidade (cara á opinión pública) para 'as *miñas* políticas'.

Un dispositivo que persegue conseguir o refrendo a unha política ou poder xustificar unha actuación no feito de ter contado coa opinión de moitos colectivos ou sectores, non desenvolve realmente un *proceso* de participación cidadá. Este proceso implica un maior afondamento na 'cesión de poder' e tamén reporta maiores posibilidades de éxito, desde os distintos puntos de vista trazados ata aquí: maior capacidade de goberno e de rexeneración das capacidades comunitarias para confrontar novas situacións. Mesmo, as experiencias que coñecemos sinalan que os representantes políticos que apostan decididamente pola participación social tamén obteñen maior éxito na re-construción da confianza da cidadanía, cada vez máis deteriorada nas actuais democracias representativas. Pero para iso cómpre mirar máis alá da mera lexitimación a curto prazo:

- a) a un proceso a longo prazo de cambio de cultura política,
- b) de fomento da cidadanía responsable dos asuntos de interese xeral,
- c) de promoción da creatividade comunitaria,

d) de promoción de novos modelos colaborativos de relacións entre axentes

e) e dun novo modelo de toma de decisións cooperativa.

Non se trata, polo tanto, de ensaiar mecanismos lexitimadores, senón de buscar os instrumentos de implicación da cidadanía nas cuestións de interese público. Para iso, o primeiro paso será abrir cara a ela a cuestión central: os temas para tratar, a axenda de traballo (Pindado et al. 2002). O feito de que sexa a iniciativa dun goberno local quen dea impulso a un proceso participativo non significa que sexa ese goberno quen deba marcar os temas de traballo e o calendario. Para situar o eixe de traballo na participación hai que partir dos problemas *sentidos* polos cidadáns, *significativos* para eles. Polo tanto, unha abordaxe integral e participativa debe partir dun diagnóstico conxunto de cáles son os problemas.

Como cabe esperar, as experiencias de democracia participativa impulsadas desde a Administración non formulan a dinamización da participación de distintos colectivos, entidades, sectores e persoas particulares como un mecanismo substitutivo dos propios de goberno na democracia representativa. En efecto, mesmo nas experiencias de orzamentos participativos, que son algunhas das máis profundas neste ámbito, será o Pleno municipal, formado polos representantes políticos, quen teña a competencia de aprobar a proposta de orzamento construída pola comunidade.

Concibir a democracia participativa como 'alternativa' ao sistema representativo ou concibila como o seu 'complemento' (en tanto que profundización democrática que non substitúe ás institucións nin aos procesos actualmente lexitimados) é parte dun debate moi vivo entre os sectores que traballan nesta liña. Tamén nós, quen asinamos este texto, mantemos dúas posturas ao respecto difíciles de conciliar. Sen embargo, aceptamos algúns puntos de acordo que nos permiten avanzar: a) nas experiencias que coñecemos conviven ambas lóxicas (de forma máis ou menos conflictiva); b) son lóxicas distintas e que, polo tanto, poden servir para construír proxectos diferentes e mesmo diverxentes.

Deternos un pouco nestas diferencias axudaranos a seguir clarificando qué ten que ter unha política para ser participativa.

a) Fronte ás cuestións de lexitimidade, na participación interéstanos a 'creatividade social'. Que as decisións se tomen de forma democrática é unha das dimensións que coidar, pero en moitas experiencias as enerxías vertidas nesta dirección esquecen que tamén se debe coidar que as decisións sexan realmente transformadoras, factibles e que incidan positivamente no territorio, na súa habitabilidade e na súa sostibilidade. A creación de redes sociais, de novas formas de encontro e de aprendizaxe, a dinamización de espazos onde poidan expresarse as minorías e onde se lles dean repostas aos problemas globais desde a cultura local... constitúen, pois, unha das materias máis central e, ao tempo, menos desenvolvida na maior parte dos procesos participativos.

b) Fronte á representatividade numérica, interéstanos a achega de perspectivas e subxectividades desde todo o abano de posicións sociais: que estean vinculadas ao proceso cantas máis perspectivas diferentes, mellor, independentemente do representativas que poidan ser numericamente cada unha delas. Tratariamos de vincular a distintas institucións e entidades, distintos sectores económicos, distintos campos de coñecemento, distintos sectores da poboación (mulleres, xente moza, maiores, desempregados, persoas do núcleo urbano, persoas da periferia, etc.). Dentro das lóxicas dificultades que reviste esta dimensión, semella en todo caso positivo abrir o proceso a todos aqueles colectivos e puntos de vista que sexan relevantes para os temas sobre os que participar (unha 'relevancia' aberta, asemade, á experiencia pasada, ás especiais afeccións con respecto ao obxecto de planificación ou xestión, aos intereses e inquiredanzas demostrados, etc.) e pertinentes para que o proceso poida ir facendo camiño e cidade (unha 'pertinencia' consensuada en función da duración prevista do proceso, das relacións de afinidade ou de oposición existentes entre os actores, da necesidade de diferenciar e individualizar procesos participativos con cada colectivo, etc.).

As técnicas participativas deben adaptarse a esta diversidade, coitando de que a súa aplicación non produza a exclusión do proceso dalgúns dos sectores sociais. Polo tanto, deben ser diversas, conxugando distintos espazos onde cada persoa se sinta cómoda (polos ritmos, pola linguaxe, polo respecto mutuo) e disfrute e se enriqueza desde a súa participación.

Finalmente, queremos insistir na importancia de dotarse dunha sistematización e un desenvolvemento de metodoloxías participativas. En primeiro lugar, o desenvolvemento dun proceso participativo é moi esixente nos seus obxectivos: persegue ser educativo, transformador de relacións, aberto e diverso, diferente en cada experiencia... En segundo lugar, existen moi poucos ámbitos de referencia onde se vivan experiencias de organización e de relación social homólogas. En consecuencia, pódese deducir que os dispositivos para este tipo de participación non son case nunca espontáneos nin necesariamente doados de idear e de poñer en práctica.

Nas experiencias que coñecemos, a contribución de técnicos dinamizadores da participación, coñecedores das dinámicas de traballo en talleres, de comunicación social e de investigación participativa constitúe unha fortaleza para o proceso e garante, en gran medida, a súa sostibilidade. Sen embargo, raras veces é valorado este papel polas institucións, que dificilmente contratan a persoas especializadas nestas tarefas.



Na reunión de Monforte

3.3 Cómo desenvolver un proceso participativo no deseño e xestión dunha política pública

Imos dar algúns trazos de carácter técnico e necesariamente xeral que precisarían ser adaptados a cada realidade concreta. Por exemplo, traballar en concellos que abranguen un territorio moi extenso, con baixa densidade poboacional e con alta dispersión en múltiples núcleos poboacionais distantes condicionará algunhas eleccións básicas. Este sería o caso de concellos como Chaves e Monforte tratados noutro capítulo deste libro. A realización de talleres de traballo pode presentarnos dificultades de elección do lugar de encontro: se eliximos o núcleo urbano é moi posible que reduzamos a participación das entidades situadas nas parroquias rurais; se pretendemos dar os primeiros pasos parroquia por parroquia é moi posible que non atopemos suficiente contraste de perspectivas en cada reunión e tamén teñamos dificultades para situar as análises e propostas considerando a globalidade municipal (indo máis alá de problemas moi concretos e particulares de cada lugar). Nun caso así cumpriría, pensamos, empezar por achegarse a aqueles colectivos con máis dinamismo e capacidade de articular propostas e de vertebrar socialmente para, a partir do seu primeiro impulso, ir acadando cotas de participación cada vez máis amplas e diversas.

Na nosa práctica en distintos procesos participativos atopámonos con condicionantes deste tipo que nos obrigan a adaptar e redeseñar estratexias. Con todo, algunhas suxestións parécennos orientadoras e útiles, polo que seguiremos a secuencia de deseño e programación dunha política para ir introducindo en cada paso as recomendacións que poidan facela participativa. Esta secuencia iníciase cunha fase de diagnose, trázanse uns obxectivos xerais, priorízanse as liñas de traballo, establécense obxectivos específicos e programas para cada unha das liñas, impleméntase a programación, faise un seguimento e unha avaliación e vanse incorporando elementos correctivos e de adaptación a novas realidades que requiren novas diagnoses, novos programas... nun bucle que permite ir avanzando.

Moitas veces, en intentos tímidos en exceso, tense incorporado unha dimensión participativa a só algunhas partes deste ciclo. Por exemplo, cando se realiza un diagnóstico participado para coñecer cáles son as problemáticas sentidas pola poboación, pero despois é a Administración, ela soa, quen diseña e desenvolve as liñas de traballo para superar estas problemáticas. Por exemplo, tamén, cando, de forma illada, se convocan foros ou reunións abertas para presentar e recoller suxestións sobre un plan xa deseñado. Estes, e outros moitos, veñen a ser meros momentos de participación que non contribúen á consecución dun proceso de aprendizaxe e experimentación colectiva, das características do que vimos defendendo neste texto.

Participación no diagnóstico socioterritorial

A participación no diagnóstico cumpre un papel fundamental no cambio de modelo de relación entre axentes que inicialmente se descoñecen entre si e poden proxectar mutuamente imaxes cargadas de prexuízos distorsionados e simplificadores. Elaborar un diagnóstico común significa tomar en conta as perspectivas e necesidades doutros axentes ou colectivos de poboación: significa, en primeiro lugar, coñecerlas (o que pode contribuír a desmontar prexuízos) e, en segundo lugar, integralas como problemas que resolver (o que contribúe ao cambio de estratexias competitivas por estratexias de cooperación na toma de decisións). Significa tamén debatelas, cuestionalas e poñer así mesmo en cuestión os presupostos de partida. Neste proceso debe operarse o tránsito de 'pensar nos propios intereses' persoais ou corporativos, a integrar en cada aproximación á realidade os 'intereses xerais'. Este proceso de 'aproximación' dase mantendo a autonomía de cada parte: non é, polo tanto, un modelo que busque a comunión entre os distintos, senón un modelo de relación e de traballo en rede, onde a autonomía de cada grupo é preservada en favor da creatividade, a liberdade e a iniciativa.

Entre as posibles metodoloxías e técnicas que facilitan que todas estas transformacións se operen, sinalamos as tres seguintes:

1) *Despersonalización dos discursos ou argumentos.* Trátase de evitar que a nosa opinión sobre unha proposta ou un argumento estea mediada por quen o propón ou argumenta. Se queremos centrarnos no contido das reflexións e non no xogo de alianzas ou inimizadas establecidas previamente entre os actores e que condicionan a quen se lle dá a razón e a quen non (independentemente do que digan), podemos empregar técnicas que despersonalizan as ideas e as poñen a circular nun espacio común. En talleres presenciais convén conseguir esta 'distancia' a través do traballo en pequenos grupos heteroxéneos que escriben as súas ideas e as plasman nun panel común á vista de todo o mundo pero no que xa non se sabe 'quén dixo qué'. Noutras fórmulas non presenciais como os cuestionarios a varias voltas (baseados na técnica Delphi) é positivo que cada participante descoñeza quen son as outras persoas que están achegando opinións e visións ao proceso.

2) *Reflexión colectiva para a produción de coñecemento.* A segunda cuestión que nos parece importante subliñar, a respecto dun diagnóstico participativo, é a constatación de que non interesa coñecer o que pensa, quere ou espera cada quen nun momento dado e de forma estática, senón *abrir un proceso de reflexión colectiva* que axude a pensar, querer e esperar en base a máis información, máis contraste, máis coñecemento e máis implicación.

Afondando nesta idea, as técnicas para a diagnose deben priorizar os elementos conversacionais sobre as enquisas individuais. É necesario insistir na cuestión das metodoloxías xa que son moitos os casos nos que se aborda a cuestión da 'participación' da cidadanía non organizada a través do dispositivo da enquisa, afondando na asimetría entre quen 'fai as preguntas' e quen só pode 'responder cando se lle pregunte'⁹. Noutra lóxica, existe a experiencia de dispositivos pensados para xerar debate nos espazos de relación máis próximos. Nesta liña, desenvolveuse nun concello¹⁰ a 'entrevista familiar', consistente en trasladar tres preguntas-provocación sobre o territorio a cada familia, a través dos escolares.

9. Para un maior afondamento nestas e outras incoherencias entre a participación e as técnicas estatísticas, consultar: Villasante et al., 2002; Ibáñez, 1991; e o capítulo metodolóxico de Lorenzo et al., 2001.

10. Trátase do concello de Sant Feliu de Llobregat, na provincia de Barcelona, no que se está a desenvolver un proceso participativo -*Sant Feliu Cidade en Congreso*- onde se combinan diferentes espazos para a participación: talleres presenciais, a entrevista familiar e a participación por vía electrónica (internet).

Cada nena e neno dos colexios levou á súa casa estas preguntas para que, entre toda a familia as debatesen e as respondesen, remitíndoas de novo ao equipo dinamizador a través do colexio. Son tamén interesantes as experiencias que permiten superar a instalación nos 'intereses particulares' (en tanto que realidade significativa máis cercana) por unha visión de conxunto máis próxima á idea de 'interese xeral'. Por exemplo, as visitas das organizacións duns barrios a outros barrios, para valorar as necesidades presentes en cada un deles e establecer criterios de priorización en común.

3) *Conformación dos grupos de traballo en relación á diversidade de axentes.* A terceira nota ten relación co proceso de achegamento entre os distintos axentes. Desde diversas experiencias parece recomendable traballar inicialmente con grupos homoxéneos, para facilitar a comunicación, a liberdade de expresión e evitar algunhas asimetrías de posición ou prestixio que median na dinámica dun grupo, xeralmente silenciando ao colectivo menos favorecido ou prestixiado. Despois desta fase, onde as persoas van coñecéndose e familiarizándose cos debates e as distintas técnicas, pásase aos grupos mixtos ou grandes plenarios onde se verte e articula o traballo de todos.

Por suposto, para a elaboración dun diagnóstico hai un momento de apertura (recadar distintas opinións, argumentos, perspectivas, etc.) e outro de peche (na que se recolla e sistematice a diagnose común sobre os problemas de habitabilidade agora e de sostibilidade no futuro do noso municipio). Aquí é interesante que todo o mundo coñeza os resultados da (auto) investigación, cál é o diagnóstico, polo que é de interese articular unha devolución desta información a todas as persoas que participaron e ao conxunto da cidadanía. A devolución consiste nunha presentación do traballo para a súa apropiación e debate.

Construcción de propostas de intervención

A elaboración de propostas ten tamén unha fase de apertura onde toma especial relevancia a capacidade de articular dispositivos creativos

e mobilizar á maior variedade de entidades e persoas. Como en calquera proceso de planificación, trátase de buscar propostas de acción que garden coherencia cos achádegos do diagnóstico, é dicir, que teñan potencialidade real para responder aos problemas 'máis sentidos' e, ao mesmo tempo, que poidan apoiarse nas capacidades e recursos detectados. Sinalar a necesidade desta coherencia, cuestión que, en principio, é consabida, é unha forma de manter unha postura vixiante respecto das 'solucións preestablecidas': efectivamente, en determinados contextos temporais (marcados por liñas de financiamento europeo abertas ou polo recoñecemento público de experiencias noutras localidades), a cuestión da busca de respostas desde as propias características endóxeas da localidade atállase coa traslación de modelos foráneos. Estes modelos poden ser bos referentes ('boas prácticas'), pero precísase da súa re-construcción e re-invenção, crítica e propositiva, desde as características socioculturais e económicas de cada territorio.

As técnicas de creatividade baséanse na potenciación da suxestión mutua e a non censura, como condicións que permiten ir máis alá das formulacións habituais, dos eixes e esquemas establecidos ou recoñecidos. A traducción destes principios metodolóxicos (extraídos do traballo en grupos pequenos¹¹) a un proceso participativo amplo, precisa da apertura e dinamización de espazos de construción colectiva: talleres presenciais, a recollida e devolución de suxestións a través de internet, a petición de propostas ás organizacións activas, equipos de estudio, etc.

O resultado desta apertura debe posibilitar un peche: a concreción das propostas polas que finalmente se decide apostar. Neste caso as técnicas que se articulan son as de comunicación (que se coñezan e comprendan as distintas alternativas), debate (na busca de criterios de elección dunhas ou outras) e toma de decisións (buscando os elementos de consenso e establecendo, no seu caso, sistemas de elección ou votación consensuados e axeitados).

Entre os criterios de elección das propostas é importante atender á súa viabilidade e ao impacto (positivo ou negativo) que poida ter a súa

11. Para traballar as técnicas con grupos: Vargas et al., 1993; Lorenzo e Martínez, 1998.

aplicación sobre outros ámbitos. No proceso búscanse propostas con potencialidade real de poñerse en práctica¹². Por iso convén incorporar coñecemento e criterios profesionais e técnicos. Estes profesionais (de distintas disciplinas, segundo os temas que estean a abordarse) deben asumir un papel facilitador na análise das propostas (cáles son viables, cáles non, cáles deben incorporar algúns axustes, cáles viabilizarse a partir da consecución de recursos públicos doutros niveis administrativos, etc.), deben funcionar como asesores, tradutores dos termos legais ou técnicos a linguaxes comprensibles pola maior parte da xente, etc.

Implementación

En principio, nunha estratexia participativa, a aplicación das liñas de traballo debe reservar un papel activo a distintos axentes sociais ademais da propia Administración. Sen embargo, as distintas formas en que se foi experimentando o reparto de papeis entre a propia Administración e as organizacións do terceiro sector en distintas políticas (sociais, de axuda ao desenvolvemento, culturais, etc.) está dando lugar a un fondo debate en torno ás repercusións destas prácticas de 'coexistión': a perda de autonomía das organizacións sociais fronte ás institucións, as súas mutuas relacións de competencia por recursos públicos, a incorporación das organizacións nunha estratexia desde o ámbito público de privatización e precarización da prestación dos servizos, etc. (Gutiérrez, 1995; Morán, 1998).



Grupo de traballo veciñal

12. Non poder desenvolver na práctica as propostas aprobadas tería, con probabilidade, un efecto desmotivador para moitas das persoas e entidades que tiveran participaran.

Abordar os termos do debate excede o propósito deste texto. Por outra parte, resulta difícil abstraer modelos de implementación sen ter unha concreción da política da que se trate. Conformarémonos con sinalar que, sexa cal sexa a 'titularidade' da execución das políticas, o proceso participativo debe ser fiel aos obxectivos e aspiracións marcados, salientando ademais que as organizacións ou institucións que as desenvolven deben ser moi permeables ao seguimento e a avaliación que desde esa propia comunidade se exerza.

Avaliación e seguimento

Xa subliñamos suficientemente a importancia de entender a participación cidadá na súa dimensión de proceso conflictivo e educativo. Os espazos para o seguimento e avaliación das políticas ideadas conxuntamente xogan aquí un papel relevante. Dúas cuestións deben estar suxeitas á avaliación e ao seguimento:

a) O impacto das liñas desenvolvidas. Por unha banda, os elementos de medición poden ser espacio de debate. Por outra banda hai que revisar cunha perspectiva global as definicións iniciais e globais da eficacia das políticas e dos seus efectos sociais independentes dos obxectivos marcados.

Como podemos apreciar este estancamento da poboación aparece como unha dos puntos febles do desenvolvemento de Monforte, pois a escasa natalidade e fecundidade, xunto ao aumento do número de persoas con máis de 65 anos, implica un devecer do dinamismo demográfico, o que incide nas perspectivas económicas, como podemos ver nas seguintes opinións que recollimos no traballo de campo:

a xente que se dedica as explotacións agrarias se perdeu, antes sen ter moita produción había moita xente traballando e había unha forma de vivir no campo que se perdeu. Agora hai menos xente nova é as perspectivas son moi complicadas. A xente que estamos ligadas ao campo debemos de buscar unha maneira de vivir no campo, se pretendemos obter uns proveitos complementarios co turismo rural e iso vaise facer con xente que estea no campo, aínda que haxa innovacións tecnolóxicas, é unha forma de relacionarse co medio natural, para preservar un medio. A hora de producir carne ou leite temos que facelo de forma ecolóxica de acordo co medio natural e sen agresións o medio natural.

Os cambios nas explotacións agropecuarias, sobre todo despois da crise do sector gandeiro deu lugar a que se concentrase o número de cabezas de gando, algunhas destas dirixidas por persoas máis novas, o que nos indica que o relevo xeracional, aínda que escaso, estase a producir no medio rural:

- *Efectivamente os xoves están a traballar, teñen máis gando do que tiña antes unha parroquia enteira.*
- *Eu dígoche que hai explotacións que teñen máis gando pero dunha soa persoa.*
- *Agora están traballando dúas persoas xoves e teñen máis gando*
- *Hai persoas que compran a outras familias a cota leiteira para poder ter máis produción.*

Pero isto significa que os recursos humanos deben prepararse para facer fronte aos novos retos da sociedade do século XXI. Neste senso habería que considerar a formación profesional das persoas, a formación de cooperativas de consumo e produción, a creación de estruturas comerciais, como é a presenza de centros específicos para comercialización de maioristas, que teña como área de influencia toda a Galicia oriental. Neste momento a actividade do matadoiro de Monforte mostra sinais de dinamismo exportador, sobre todo a Cataluña, ademais de estar relacionado con novas empresas de gando para carne.

As actividades de formación profesional, logo da institucionalización dos ciclos formativos de grao medio e grao superior, teñen un eco específico nas persoas da comarca, sempre que se logre relacionar a formación regrada coa ocupacional e a do emprego, tal como vimos no caso do IES Daviña Rey. Pola contra, na formación dos agricultores existen máis carencias, como se subliña nas entrevistas que recollimos nas sesións de traballo.

- No tema da educación no tema do viño é importantísimo, houbo dous intentos de instalar o ciclo do viño e non tivo alumnos, intenteuse en Quiroga e tampouco.

- Van á escola de capacitación, pero os profesores, que son case todos de Lugo, non queren dar clases pola tarde,... os fillos de bodegueiros que axudan na bodega pediron que o ciclo se fixera pola tarde, non poden ir ao curso polas mañás, pediron que fora pola tarde e non se conseguiu; non hai interese por parte do centro, se ese ciclo se organizara no instituto, ese ciclo saería adiante.

Estas actitudes ante o desenvolvemento agrario aínda está moi mediatizado polas ideas tradicionais sobre o campo, como se salientaba nas entrevistas que realizamos. Non obstante, tamén existen alternativas que xorden no seo da mesma sociedade agraria, como é o caso do cooperativismo. Nas entrevistas realizadas puidemos observar unha

polarización de posicións: por unha banda, as persoas que entenden o campo como un modelo de vida, por outra as que opinan que hai que adaptarse aos novos xeitos de produción agropecuaria, que xorden desde as políticas da Unión Europea. Existen moitas expectativas sobre o cooperativismo, en especial nas cooperativas de compra de subministracións, se ben xa existen cooperativas de comercialización, como é o caso de Geslat, que comercializa produtos lácteos. As opinións que transcribimos reproducen este dobre sentir.

Para fixar poboación a xente fala dunha "maneira despreciada" deste labor agrario, é unha relación social, a xente do campo séntese "marxinada" a agricultura é algo que se menosprecia, eu en Ferreira non atopei nin un só pai que orientase a algún dos seu fillos a permancer alí, a propia familia se desprecia. Se se vacía o agro olvidémonos de infraestructuras agrarias e turismo rural. Ata agora se potenciaron Cooperativas grandes e eu penso que se debe promover un micro cooperativismo temos que actuar dentro do período formativo, convencer os nenos de que podemos facer algo pola parroquia, que o desenvolvemento vén de dentro, non de fóra. O viño estaba aí, unha apreciación de facer ben as cousas e eso esta aí.

- Temos que salientar o orgullo de ser viticultor, para que os novos queiran seguir sendo viticultores, que se queden nas viñas

- Hai persoas novas que teñen orgullo de dirixir explotacións gandeiras.

- A cooperativa Lemos no período de hai 10 anos chegou a ter 200 socios máximo e neste momento uns 600, quere dicir que hai máis xente que está cooperativizada.

O cadro 3 sintetiza os puntos fortes e febles de Monforte no que fai referencia á situación demográfica, co obxectivo de avaliar as posibles oportunidades para o desenvolvemento local, o que será obxecto dunha proposta posterior.

Cadro 3: Fortalezas e feblezas da situación demográfica de Monforte

PUNTOS FORTES	PUNTOS FEBLES
Inexistencia de presión demográfica sobre o centro histórico	Estancamento da poboación e forte proceso de avellentamento
Inmigración escasa de poboación doutros lugares de Galicia e do estranxeiro	Abandono da poboación moza pola falta de perspectivas de traballo
Centros de ensino secundario con ciclos formativos	Escasa implantación de ciclos formativos de carácter agropecuario
Aumento do cooperativismo nas explotacións agrarias	Estado inicial da cultura de innovación empresarial no agro
Expectativas no desenvolvemento a partir de Cooperativas (p.e. a de Lemos)	Conflictividade xeracional no campo. Despoboamento de parroquias
Tradición industrial na industria do calzado	Sentido simbólico da propiedade que dificulta o cambio de propiedade

En consecuencia unha das oportunidades que ten Monforte, que debe converterse en punto clave de desenvolvemento é o que consiste en apoiar o relevo xeracional das novas explotacións pecuarias, o que supón que desde a vila teñen que subministrarse os medios técnicos e humanos precisos: centros veterinarios, cooperativas de abastecemento para gando, centros de recollida do leite, matadoiro e centros de comercialización do gando. Monforte ten que priorizar o seu papel de centro dunha ampla comarca agropecuaria e turística, para o que debe fornecer o sector servicios.

Igualmente debería mellorarse a formación profesional agraria, co obxecto de relacionar máis activamente a formación profesional reglada coa formación permanente en novas técnicas agropecuarias. Un modelo axeitado é relacionar a formación profesional reglada e a ocupacional e de emprego, tal como comprobamos no IES Daviña Rey.

1.2. As condicións do medio

O val do Monforte forma parte dunha depresión terciaria drenada polo río Cabe, que se sitúa no bordo meridional da superficie fundamen-

tal de Galiza, separada por un val moi profundo (Ribeira Sacra, río Sil) das terras máis fragmentadas da parte suroriental de Galicia, e pechada



Río Cabe en Monforte

na parte septentrional e occidental polos montes de San Paio, San Ciprán e as serra das Penas que dan paso á depresión de Chantada e ao val do Miño.

O clima de Monforte está condicionado pola situación interior e a presenza do val. Deste xeito podemos subliñar que o clima oceánico presenta

unha variedade continental, pois aumenta a oscilación térmica, respecto da costa, e minguan as chuvias. As temperaturas medias invernais superan os oito graos e as de verán case acadan os vinteún. Igualmente as precipitacións son un pouco máis baixas que na mesma latitude na zona litoral, e incluso inferiores ás rexistradas no val do Sil; pola contras son máis frecuentes os fenómenos de néboas por inversión térmica, como consecuencia da presenza do río Cabe.

Os solos de Monforte son dos máis ricos da comarca, pois se sitúan no fondo val, sobre materiais de sedimentos de alteración e achegas aluviais e coluviais. Son solos máis profundos e con tres horizontes ben representados. Para combater a aridez estival levouse a cabo unha infraestrutura de regadío por parte do IRYDA xa nos tempos do franquismo. Na actualidade estase a revalorizar o papel do regadío, pois hai unha xestora con dous representantes parroquiais, en total dezaseis parroquias das vinteseite do concello que teñen local na cidade de Monforte.

Todo isto significa que o ambiente xeográfico non constitúe un obstáculo para a actividade agraria no fondo do val, como tampouco

para o desenvolvemento pecuario, con prados e pastizais nas pendentes que rodean ao val do Cabe. Por último, a presenza do viñado no val do Sil, orientado cara ao sur, subliña que a tradición agrarias nestas terras é moi grande.

En consecuencia se analizamos as fortalezas do medio natural nas terras de Monforte podemos sinalar a riqueza dos solos, a variedade climática e as escasas pendentes do val tal como se mostra no cadro 4, mentres que entre as feblezas ou debilidades debemos sinalar o maior frío invernal, as néboas e as pedentes que rodean o val.

Cadro 4: Fortalezas e feblezas do ambiente xeográfico en Monforte

PUNTOS FORTES	PUNTOS FEBLES
Temperaturas medias agradables para a actividade humana e desenvolvemento da vexetación	Presencia de néboas por inversións térmicas
Precipitacións todo o ano que aseguran unha paisaxe sempre "verde"	Evapotranspiración potencial elevada nos meses de xuño a agosto, que aconsellan o regadío
Unha ampla superficie de espazo forestal en réxime de mancomunidade	Necesidade de maiores iniciativas empresariais para poñer en valor o monte
Contrastes de paisaxe val/montaña, espazo abertos e pechados	Pendientes moi fortes no bordo do val, que dificultan a accesibilidade e cultivo
Tradición agropecuaria milenaria en terreos moi complexos (Ribeira Sacra)	Abandono de terras pola emigración a outros lugares de Galiza e Europa

En consecuencia, existe unha imaxe de que hai recursos que non se aproveitan por falta de dinamismo da poboación, así como por un certo escepticismo respecto ás propias posibilidades, como se expón nesta opinión:

O regadío da zona deberían de aproveitalo polo problema que existe, ben por xente de fóra ou ben outro tipo...

1.3. Innovación empresarial e recursos económicos

O estudo das principais empresas radicadas en Monforte de Lemos e o número de profesionais con enderezo postal no mesmo municipio mostran unha clara preponderancia de empresas relacionadas coa construción civil e cos servizos públicos, propios dunha vila cabeceira comarcal, de tal feito que o índice comercial de Monforte é moi superior ao dos municipios veciños, como se subliña no informe comarcal de Terra de Lemos. No cadro 5 aparecen as actividades empresariais que teñen un número superior a 20.

Cadro 5: Actividades empresariais máis importantes en Monforte de Lemos

ACTIVIDADE EMPRESARIAL	NÚMERO EMPRESAS	ACTIVIDADE EMPRESARIAL	NÚMERO EMPRESAS
Carpintería metálica	20	Construcción e conservación	38
Albanelería	72	Instalacións eléctricas	30
Pintura e revestimento	22	Comercio menor tabaco	24
Comercio menor alimentac	22	Comercio menor textil	49
Comercio menor calzado	22	Comercio menor electrod.	30
Ferraxería	35	Comercio menor vehiculos	22
Papelaría-quiosco	22	Restaurante	31
Bares-cafetería	147	Reparación autos	38
Promoción inmobiliaria	41	Perruquería	40

As actividades da construción aumentaron moito como consecuencia do inzamento das licencias de construción para edificios de vivendas. Así para o período de 1996 a 1999 (ambos inclusive) o número de licencias para nova planta era de 155, que sumaban un total de 823 vivendas, que se as comparamos co parque de vivendas do censo de 1991, que era de 9330, xa nos decatamos que nesta período dos anos finais do século XX se constrúe case o 10% de vivendas do concello. Isto repercute na porcentaxe de vivendas baleiras, que xa era superior ao 20% no ano 1991 e que para o ano 2001, a falta de datos definitivos sabemos que é enorme, como se reflicte nas opinións dos entrevistados:

- *Monforte ten 2400 pisos vacíos, o que podería ser un reclamo para novos veciños, ou como se apuntaba nas reunións realizadas para ofertar a estudantes se existise unha oferta de estudos de ciclos formativos de grao superior ou universitarios.*

Esta inflación de pisos baleiros está relacionada directamente coa concepción empresarial do municipio. Nos cuestionarios escritos que realizamos², apareceu repetida a idea da falta de iniciativas empresariais en Monforte: hai moitos cartos aforrados, pero non se invisten en actividades productivas. Deste xeito morreron as actividades de chacinería, do calzado, actividades tradicionais da industria local. En definitiva moito aforro improductivo que vai cara á construción e aumenta o número de vivendas baleiras con escaso futuro. En décadas anteriores a construción de pisos estaba relacionada co retorno dos emigrantes, máis na actualidade tal parece que responde tan só a unha expectativa de investimento inmobiliario, como consecuencia da ausencia doutras alternativas.

O futuro pretende ensarillarse na dinámica do turismo rural e das explotacións do viño de calidade, con denominación de orixe. Igualmente tamén rexistramos algunhas iniciativas consistentes en alugar terreo comunal forestal para gando de produción cárnica (p.ex. Prodeme). Pero para isto fai falta cambiar algunhas mentalidades no eido agrario:

As empresas agrarias deben dar lugar a unha concentración, non en canto a propiedade da terra, senón no uso da terra... entendo que a parcelaria é socialmente moi agresiva, había que ir a temas de concentración do uso da terra, exemplo en Francia. Hai que facer explotacións que poidan competir no mercado e que as explotacións non sexan agresivas co medio natural.

Así como tamén no que respecta ao turismo rural, para que se poida integrar nas actividades tradicionais da comarca e que impidan o despoboamento:

2. Ademais das entrevistas persoais que realizamos, que se transcribiron e se utilizan parcialmente neste informe, enviamos un cuestionario a diferentes persoas de Monforte, para recabar información sobre a evolución sociocultural e económica. Aínda que enviamos case 30 cuestionarios, só fomos quen de recoller seis, o que mostra as dificultades metodolóxicas e técnicas deste tipo de traballo.

- O turismo rural, moi poucas nesta comarca están ligadas a actividades agrarias a súa maior parte son de xente máis ou menos urbana

Ás veces o turismo rural é de pantalla, chamas e sempre está completo, e unha familia que colle as subvencións para arranxar as casas que a min me parece perfecto. Hai moitas posibilidades, pero falta iniciativa privada estamos acostumados a que todo nos veña dado do Estado, como no caso de RENFE o que pasou é que a xente non quere agora arriscar, temos uns bancos cheos de cartos localizados en familias contadas, que agora viven dos xuros rozando a indignidade.

Igualmente se ve a necesidade de conservar unha maneira tradicional, lonxe da competitividade do mercado, que procure unha agricultura ecolóxica, que se asente en aldeas e parroquias que estean en proceso grave de decadencia:

Se se vacía o agro olvidémonos de infraestructuras agrarias e turismo rural. Ata agora se potenciaron cooperativas grandes e eu penso que se debe promover un micro cooperativismo temos que actuar dentro de o período formativo, convencer os nenos de que podemos facer algo pola parroquia, que o desenvolvemento vén de dentro, non de fóra. O viño estaba aí, unha apreciación de facer ben as cousas e eso está aí.

En definitiva, en Monforte atopamos unha fortaleza que é a identidade dunha vida rural, asentada en tradicións milenairas e que se pode reconverter cara ao turismo rural. Pero isto implica un cambio de mentalidades, pois cómpre precisar as metas, tanto da agricultura ecolóxica e do turismo rural agropecuario, como nas empresas mercantís de produtos de calidade competitiva e do turismo rural como recuperación dunha fachada rural para a fuxida do mundo urbano.

Sen dúbida unha oportunidade que aparece no futuro de Monforte é a construción do parador de turismo no outeiro de San Vicente. Pero isto supón, unha vez máis, a dependencia dos investimentos exteriores, o que mostra a febleza do empresariado local.

- O parador de turismo vai paliar as carencias endémicas que tiñamos en Monforte. Estes anos o turismo rural en total non chegaban a 200 prazas

Cadro 6: Fortalezas e feblezas na innovación empresarial e recursos turísticos

PUNTOS FORTES	PUNTOS FEBLES
Tradición industrial en calzado e chacinería	Inexistencia de investimentos económicos en actividades empresariais
Innovación empresarial na viticultura (Ribeira Sacra)	Non hai centros de comercialización de maiorista
Patrimonio cultural relevante en Monforte e parroquias para iniciativa turísticas	Precísase incrementar a formación profesional axeitada ás necesidades do territorio cun modelo non regrado
Patrimonio ambiental de gran contraste nas paisaxes. Potencialidade de turismo rural	Falta unha mentalidade empresarial no sector do turismo rural
Integración da paisaxe fluvial (rio Cabe) no patrimonio urbano de Monforte	Necesidade dun plan especial de para o barrio histórico (redacción en curso)
Obradoiro de emprego sobre o ferrocarril. Museo do Ferrocarril	Escasa difusión do Museo do Ferrocarril na sociedade galega e do Eixo Atlántico
Unha ocupación intensa do territorio con asentamentos ben definidos	Necesidade de mellorar as infraestruturas do ciclo da auga e accesibilidade no rural

Un aspecto innovador especial é o Museo do Ferrocarril, iniciativa que aparece no ano 1998, aproveitando a tradición dos talleres de RENFE na cidade monfortina e posibilidade de contar coa axuda da Xunta de Galicia, a Fundación de Ferrocarrís Españóis e con RENFE. Desde 1999 hai dous proxectos de obradoiros de emprego (*Galaico Expreso I e II*) con perto de cincuenta empregos. O obxectivo máis importante é presentar un "museo rodante",



A importancia dos fondos europeos



ou sexa pór en marcha un tren turístico que circule por toda Galicia con traxectos de determinado interese. Aínda que a máquina de vapor Mikado é o símbolo máis rechamante, tamén se restauraron outra locomotora diesel, está prevista outra eléctrica e cinco vagóns de distinta tipoloxía. Así mesmo está prevista a restauración do edificio da Rotonda, que permitiría xirar ás máquinas.

Monforte actúa como capital de servizos comarcal, tanto en actividades financeiras, como nos servizos do ensino e sanidade. Igualmente hai clubs que teñen unha denominación que nos fai pensar nunha escala comarcal. Finalmente a Fundación Comarcal Terra de Lemos ten unha función claramente comarcal, que abrangue aos municipios de Bóveda, Monforte de Lemos, Pantón, A Pobra de Brollón, o Saviñao e Sober. No cadro 7 presentamos os servizos comarcais máis relevantes



Cadro 7. Servizos situados en Monforte de carácter comarcal

Sector	Nome da entidade	Servizos que presta
Sanitario	Hospital Comarcal	Urxencias, especialidades médicas
Educativo	I.E.S. Río Cabe, Daviña Rey e A Pinguela	Ensino secundario obrigatorio, bacharelato e ciclos formativos
Educativo	Escola Oficial de Idiomas Centro capacitación agraria	Estudios de inglés... Estudios agronómicos
Transportes	Estación de autobuses	Comunicación diaria con...
Administración do Estado	Xerencia de Facenda	Recadación de tributos
Agropecuario	Cooperativa Lemos	Compra e venda de produtos agrarios
Administración da Xunta	Xerencia Comarcal Terra de Lemos	Xestión de proxectos para a comarca

No ensino existen tres centros de ensino secundario públicos (IES Río Cabe, Daviña Rey, A Pinguela), ademais dunha escola de capacitación agraria e a Escola Oficial de Idiomas. Tamén se pode estudar secundaria nos centros privados Divina Pastora e Escolapios, que atraen estudantes non só das parroquias do municipio, senón tamén doutros concellos que están próximos a Monforte (Sober, Pantón, Bóveda, Quiroga, Incio, Saviñao). Ademais existen outros centros de clara influencia comarcal como son o centro de recursos educativos (para a formación do profesorado), a unidade de acción formativa (formación laboral continua), escola taller e outros centros culturais que reforzan o carácter de centralidade deste núcleo. No eido sanitario, ademais do centro de atención primaria ten un hospital comarcal que serve para varios municipios do arredor.

En efecto, a área de atracción comarcal deste centro chega ata un total de once concellos, como son Chantada, Carballedo, O Saviñao, Pantón, Bóveda, Monforte, Sober, A Pobra de Brollón, Folgoso de Courel, Quiroga e Ribas de Sil.

En calquera caso, o que parece salientable é o peso específico que pode ter Monforte como centro organizador do espacio central de Galiza, tanto na denominada Terra de Lemos como para municipios que están na Ribeira Sacra, como Quiroga, Ribas de Sil, Río, Castro Caldelas, Parada de Sil, A Teixeira. Todo dependerá do que poida ofertar como centro de servizos gandeiros (Mercado de gandos), agrario (centro de abastecemento e distribución), ensino (ciclos formativos de grao medio e superior, especialidades en Escola Oficial de Idiomas) na formación ocupacional e do emprego (p.ex. as organizadas desde o concello) e na xestión de proxectos de turismo rural.

1.4. A pedra e a auga

Nun estudio anterior sobre mercadotecnia no Eixo Atlántico definimos os elementos simbólicos que caracterizan ao conxunto das dezaioito cidades na pedra da cultura milenaria, que aparece nas construcións relixiosas e civís e na auga, que transcorre polos ríos e regatos que atravesan os centros urbanos, ou no seu arrabaldo.

Monforte ten esta riqueza patrimonial. Incluso podemos afirmar que Monforte se desenvolveu sobre estes dous fitos simbólicos: o outeiro de San Vicente, onde se sitúa un conxunto monumental espléndido, e a disposición da trama urbana sobre o río Cabe. Pero tamén sinalamos nos informes que realizamos no seu día que existe un claro contraste entre os espazos e volumes racionalistas, como o edificio do Colexio dos Xesuítas, e as novas pegadas do urbanismo do século XX, que delata unha espontaneidade e improvisación que rachan co pensamento racional histórico. Igualmente subliñamos a importancia que posuía o río Caba para facilitar unha imaxe positiva de Monforte, polo que aconsellamos o saneamento integral do canle fluvial e a súa protección urbana.

Afortunadamente o Plan xeral de ordenación municipal de Monforte, en fase de aprobación definitiva incide nestes problemas sina-

lados por nós en anterior ocasión. Así entre os obxectivos xerais destaca a nova delimitación da área histórica, cun maior grao de rigor que a vixente, pois a cartografía era imprecisa. Igualmente se subliña a protección e potenciación da relación do río coa cidade; unha protección fluvial que ampla aos regatos de Malloadas e Zapadiel, así como unha morea de arrosos que organizan unha ampla rede de regadío.

Pese a que Monforte ten unha zona histórica moi definida, declarada conxunto histórico artístico, segundo o Decreto 444/1973, do 22 de febreiro, non parece existir unha percepción colectiva de estar vivindo nun centro histórico de especiais características. Así entre as opinións que puidemos entresacar nas conversas cos veciños e axentes sociais, aparecen outras referencias ao patrimonio cultural e a potencialidade turística, pois se entende que desde esta cidade pode artellarse a Ribeira Sacra e a Terra de Lemos:

Exemplo a ruta do románico en Pantón que ten un turismo moi selectivo que vai "disfrutar" e volver, esa ruta ten que ter unhas guías e horarios...

O val de Lemos ten un contido histórico que turisticamente non ten sentido que si a ten a Ribeira Sacra.

Pero hai unhas visitas museísticas

Ti non podes promocionar esta zona e olvidarche de Chantada... ou ben de Santa Cristina de Ribas de Sil.

Tal parece como si o centro histórico fora un lugar cotián pouco relevante para ensinar ao turista. Tamén é certo que a maioría dos entrevistados aludían á necesidade de mellorar a defensa e protección do centro histórico, pero ao mesmo tempo subliñouse que non hai percepción de que se vivía nun centro histórico. Iniciouse actualmente o expediente de redacción do Plan especial de protección e reforma interior do Barrio Histórico, pero lamentablemente está estancado o seu proceso na

fase de aprobación provisoria. Pensamos que esta é unha gran oportunidade de implicar, a través da participación cidadá, ao conxunto do pobo na recuperación da memoria colectiva e na identificación dos fitos simbólicos da pedra e da auga.

1.5. O tecido institucional

Unha das carencias máis importantes que existe en Monforte reside na falta de formación profesional axeitada ás necesidades, como se dixo. Pero para facer fronte a esta demanda é necesario contar cun tecido institucional, que poida xestionar os estudos necesarios para a formación de recursos humanos. No estudio que levamos feito en Monforte decatámonos de que persoas illadas teñen conciencia dos problemas que existen, pero non existe un grupo social cohesionado para xestionar estas demandas. E isto podémolo apreciar na demanda de estudos universitarios e tamén na demanda dun padroado de turismo:

- Déixame acabar,(...), podería haber unha escola de Turismo que só hai na Coruña, que veñan aquí a estudar de fóra, non falamos de duplicar estudos, eso é unha loucura, temos que facer cosas novas.

- Eu estou de acordo contigo, non como os da Coruña que queren poñer alí unha facultade de Medicina, eso é unha aberración, hai que potenciar a de Santiago.

- Eu pedín para Monforte unha escola superior de Cinematografía que non a hai e resulta que os de Ponferrada a montaron, eso si que crea riqueza, virían de toda Galicia,non me fixeron caso.

Si se crea a padroado de Turismo, será o encargado de tratar co grupo "NH" ou "X" e explicar as potencialidades, agora ti como alcalde ou outro como alcalde non vai ir a cada un explicarlle o que hai.

- Dar unha promoción conxunta.

- *Queremos potenciar o sector turístico, temos carencia de persoas que saiban xestionar esto, e non vale calquera..., eu boto en falta que Monforte non lidere o padroado do turismo do val de Lemos, aí teñen que estar especialistas en turismo...*

- *Unha Mancomunidad turística pero as cortas miras dalgunha xente... eu estaba na Comarca de Lemos é a nivel turístico isto non é o ámbito turístico axeitado, eu iríame a Ribiera Sacra. O Val de Lemos ten un contido histórico que turisticamente non ten sentido que si a ten a Ribeira Sacra.*

- *Ti non podes promocionar esta zona e olvidarte de Chantada...Ou Santa Cristina de Ribas de Sil.*

- *Mira como se vende Andalucía," Andalucía Única".*

Como se pode apreciar nestas opinións, existe unha percepción da potencialidade turística de Monforte, Terra de Lemos e Ribeira Sacra, pero non se logra cohesionar a un grupo. En efecto, ao noso entender, o problema máis importante de Monforte é a PERDA DE CONFIANZA nas súas posibilidades de desenvolvemento local e a dependencia do Estado:

Hai moitas posibilidades, pero falta iniciativa privada estamos

acostumados a que todo nos veña dado do Estado, como no caso de RENFE o que pasou é que a xente non quere agora arriscar, temos uns bancos cheos de cartos localizados en familias contadas, que agora viven dos xuros rozando a indignidade.

Esta opinión queda perfectamente aclarada cando falamos dos proxectos futuros do ferrocarril. Así por unha banda hai unha excesiva confianza no porto seco e plataforma loxística de Monforte, que vai depender do dinamismo portuario da Coruña-Ferrol e os portos do Cantábrico, así como da competencia que lle poida facer *Ventasur*, porto seco de Xixón, localizado en Venta de Baños, ou *Salvaterra-As Neves*, proxectado como porto seco para Vigo e o seu *hinterland*.

E, pola contra, son mínimas as previsións de facer un gran Museo do Ferrocarril, pois segundo o plan xeral tan só se prevén uns investimentos de 1500 000 euros, que se o comparamos co previsto para unha residencia da terceira idade ou a primeira fase do porto seco vemos que é catro e oito veces inferior. Con isto o que queremos subliñar é a importancia de priorizar os obxectivos de crecemento que poidan incidir directamente no desenvolvemento local de Monforte e que teña unha xestión desde o propio municipio.

Así, no caso do museo ferroviario de Monforte, habería que ser moi ambicioso e construír un centro temático do ferrocarril que sexa non só referencia para Galicia e o Eixo Atlántico, senón para toda a península. Isto favorecería a chegada de turistas e indirectamente a mellora de comunicacións con Monforte, incidindo ao mesmo tempo no sector da hostelería local, sobre todo despois da apertura do parador nacional. Pola contra vemos que en Monforte existe unha reivindicación demasiado centrada na accesibilidade rodoviaria, como ver de seguido. Se ademais o museo se converte nun centro de viaxes ferroviarias de interese turística, Monforte pode rendibilizar esta organización de viaxes.

No estudio do tecido institucional existe unha morea de asociacións radicadas en Monforte, pero non temos datos precisos da súa influencia sobre a vida cotiá. Non temos constancia dunha federación de asociacións de carácter local, o que facilitaría a relevancia deste tipo de sociedades. Así temos asociacións sectoriais por sexo (de mulleres rurais, amas de casa, promoción da muller), idades (asociacións xuvenís), deportivas, sanitarias, asistenciais, culturais, etc. Pero non sabemos da súa incidencia na vida cotiá. En calquera caso o que si percibimos, e así o confirmaron as e os asistentes ás táboa de debate, foi un ambiente de crispación. Un movemento cidadán moi localizado en asuntos concretos (Campo de Santo Antonio, Guntín, Avda. Galicia, Carude...), pero que non é quen de formular unha reivindicación global de modelo de cidade. Un movemento cidadán que non ten canles de diálogo establecidos entre si e coa administración local.

1.6. As infraestructuras e globalización

Non hai dúbida que unha mellora das comunicacións pode facilitar a instalación de actividades económicas, en especial as que requiren unha mobiliade de mercadorías, como é o caso do porto seco, que se pretende construír nos terreos de Renfe. Igualmente a accesibilidade ás grandes cidades (Ourense, Santiago de Compostela, Vigo, A Coruña) facilita os desprazamentos das persoas e isto pode evitar a emigración permanente dos máis novos e a chegada de turistas e visitas de negocios.

Por outra banda, Monforte ten unha localización privilexiada como porta de Galicia cara á Meseta a través do val do Sil. Igualmente nos anos setenta foi un dos puntos neurálxicos do denominado Acceso Central de Galicia, que pasa Ponferrada e O Barco de Valdeorras. Ao mesmo tempo, a comunicación con Lugo facilita o enlace coa autoestrada A-6, que conecta A Coruña con Madrid. Todas estas circunstancias aparecen na mente das e dos veciños entrevistados:

- *As infraestructuras en Galicia teñen un problema moi grande, é o carácter localista de certos personaxes, se a Galicia as autovías chagaron tarde é porque houbo dúas, esto pásanos agora con aeroportos, leva a palma Porto, se non perdemos o localismo Galicia seguirá como estamos. O AVE chegará andando non voando e tarde, os demais estaran modernizados. Cando chegou o TALGO, en Andalucía era vello. Agora falan dunha autovía Ourense-Santiago e Lugo-Ourense e outra Ourense-Chantada-Lugo, son iguais e comunícase máis. Cando se fixeron as autovías novas se en vez de facer o "Y" en Benavente o fan en Chantada ou Monforte sería o acceso Ponferrada-Monforte-Chantada-Santiago, Con Coruña e Vigo xa tiñan autoestrada e logo había que comunicar Ourense con Lugo.*
- *Se viñese polo sitio adecuado se aforrarían cartos, as infraestructuras teñen que ser recionais e non localistas.*

- *En Monforte temos que comunicarnos con España e o resto de Galicia,eu penso que o natural é Ponferrada-Monforte-Chantada-Santiago, esa é a opción.*
- *Uniríase con Sarria e polo tanto teríamos 3 accesos.*

No Consello de Ministros do 23 de xaneiro de 2003 apróbanse os proxectos de estudio da autovía Chantada-Monforte (que facilitaría o enlace con Lugo e Santiago), así como os tramos ferroviarios de Monforte a Ponferrada e de Lugo ata A Coruña, que é fundamental para asegurar as relacións co porto coruñés, sobre todo se este vai se converter nun porto-refuxio para o tráfico marítimo do noroeste. En calquera caso son proxectos de estudio que non deben impedir o estudio doutras actuacións, como a conexión con Sarria e sobre todo a mellora das comunicación comarcais. Pois como dixemos, a dependencia das grandes obras infraestructurais non pode condicionar o crecemento de Monforte, como xa opinan certas persoas entrevistadas:

- *Non busquemos autovías para buscar culpable dos sectores industriais de Monforte, as autovías non nos van arranxar.*
- *É verdade, faltan iniciativas, temos unha riqueza enorme e sen desenvolver.*
- *Se queremos que veñan industrias a Monforte ten que ter unhas boas infraestructuras.*
- *Mentres non se pense na potenciación dos sectores económicos da zona... tamén que veñan outros, pero cando nos teñamos autovías tamén outros as terán a decisión de instalarse aquí será porque haxa unha actividade económica, non polas infraestructuras que as haberá por todolos lados. O máis importante e que a xente de Monforte busque alternativas e non culpables.*

Consecuentemente, en Monforte atopámonos cunha situación onde as persoas entrevistadas manifestan con claridade dous polos de

tensión: por unha parte, os recordos do pasado, o laio do que se tivo e a necesidade do investimento exterior; pola outra, os que procuran no desenvolvemento dos recursos locais a potencialidade do sector productivo e nas alianzas entre grupos e persoas a presión no exterior para mellorar as infraestructuras.

Cadro 8. Puntos fortes e febles na accesibilidade de Monforte

PUNTOS FORTE E OPORTUNIDADES	PUNTOS FEBLES E AMEAZAS
Situación estratéxica perto dos vales do Miño e Sil	Dificultades de comunicación interna coa Ribeira Sacra e Terra de Lemos
Acceso ferroviario e rodoviario, aproveitando o val do Sil, cara á Meseta	Problemas de conexión ferroviaria cos portos da Coruña e Ferrol
Proxectos de autovías con Chantada e mellora do acceso central ata Ponferrada	Excesiva dependencia das infraestructuras para o desenvolvemento local
Proxecto de AVE e porto seco	Competividade doutros portos secos (Salvaterra-As Neves e Ventasur)

2. A revalorización do papel da fronteira: o exemplo de Chaves

O concelho de Chaves é un imenso municipio con quase 600 quilómetros cadrados, cincuenta e unha freguesias e un contraste de paisagens que lle conceden un enorme potencial, pese embora que na mentalidade dos seus habitantes o que predomina é una imaxe de problemas de crecemento económico e, aínda para algúns poucos, nenguna situación de declinio.

Chaves faz parte de um território fronteiriço do Norte de Portugal: o Alto Tâmega e Barroso, uma delimitação que permite ampliar a sua área de influência até ao sul da Galiza, no espaço fronteiriço de Verín-Val de Monterrei. A sua história milenária, com vestígios na estrutura urbana (a ponte romana, a igreja de Santa Maria Maior) e nas peças guardadas no Museu da "região flaviense", cria uma simbologia que facilita a identificação dos habitantes com um passado florescente.

O sentimento de pertença a um espaço «querido» manifesta-se no cuidado com que se cuidam os jardins, o que lhe conferiu a medalha de prata na edição de 1999 do concurso europeu de cidades e vilas floridas. Mas mais do que as flores, o que se destaca em Chaves é a pedra e a água, os símbolos das cidades do Eixo Atlântico. As pedras das muralhas, igrejas e construções romanas, a água do rio Tâmega e dos seus afluentes e, sobretudo, das Caldas, da estação termal.

2.1. Recursos humanos

A evolução demográfica de Chaves registou um crescimento surpreendente no final do século XX. Com efeito, depois de perder população nos anos oitenta, como sucedia com quase todo o interior agrário e florestal de Portugal e da Galiza, recuperou com força nos anos noventa, com um crescimento que superou a média do distrito que é negativa (-5,8%) e a média de Portugal continental (4,9%). Desta forma situa-se muito próximo da média da Região Norte, que é a área mais dinâmica tanto de Portugal como da euro região Galiza-Norte de Portugal. O quadro 9 apresenta a evolução da população presente nestes anos, apesar das nossas reservas quanto à variação existente, pois julgamos que há algum erro estatístico no ano de 1991 ou de 2001, o que suavizaria o forte declínio dos anos oitenta e o crescimento dos noventa.

Cadro 9: Evolução demográfica de Chaves município e cidade

Município/cidade	1981	1991	2001
Município de Chaves ³	45883	40940 (40570)	43558 (42297)
Cidade de Chaves	13997	14090	18887

Fonte: CMC, INE, IGE

O centro de Chaves corresponde às freguesias de Santa Maria Maior, Santa Cruz-Trindade e Madalena. Não obstante, a delimitação é complexa e os cálculos da população são uma estimativa, pois a freguesia de Outeiro Seco dividiu-se em duas: Santa Cruz-Trindade e Outeiro Seco.

3. Os dados da Câmara Municipal de Chaves (CMC) não coincidem com os do INE que estão entre parêntesis. A população presente em 1991 era de 40.570 indivíduos e não 40.940, valor da população residente. Em 2001 o INE refere menos 1.261 indivíduos (42.297) que a CMC. Os 43.558 indivíduos referidos pela CMC para 2001 também não correspondem aos residentes apresentados pelo INE (43.667).

Na análise desagregada por freguesias existe um claro contraste entre as que se situam no centro urbano e a sua área de expansão, até à fronteira (Outeiro Seco, Sto. Estevão, Vila Verde da Raia, Vilarelho) e nas proximidades dos eixos de comunicação (Samaiões, Vilar Nantes, Faiões, Valdanta). As freguesias localizadas no interior e inclusivamente no eixo de comunicação que leva a Vinhais e Bragança perdem população. Esta avaliação demográfica, bem como a dinâmica da nova construção⁴, indicam que a área urbana de Chaves está em processo de expansão, pelo que podemos estimar que a cidade e a sua área metropolitana já superem os 20.000 habitantes.

A evolução do crescimento natural, assim como a estrutura etária, mostram um dos factores que mais influenciam a dinâmica de Chaves, como é o caso do processo de envelhecimento demográfico existente, o que coincide com todo o espaço rural da euro região. Os dados disponíveis para o período de 1991-2001 indicam que existiu um saldo natural negativo que terá sido compensado por um elevado aumento do saldo migratório, como vemos no quadro 10.

Quadro 10. Saldo natural e saldo migratório em Chaves no período 1991-2001.

Valores absolutos em milhares de pessoas e taxa em percentagem

Município	C. Real	%	S.N.	%	S.M.	%
Chaves	2,6	6,4	-1,1	-2,8	3,8	9,2

Fonte: INE

C.R: Crescimento Real, variação total da população no período intercensitário

S.N.: Saldo Natural, diferença entre natalidade e mortalidade

S.M.: Saldo Migratório, diferença entre Imigração e Emigração

Esta situação demográfica dificilmente pode explicar o enorme crescimento registado entre o período de 1991 e 2001, se bem que tenhamos de assinalar que a população presente (semelhante ao conceito existente em Espanha a partir de 1996) era de 42.297 indivíduos, ou seja menos 1.370 pessoas que a população residente. Estes dados são um tanto ou quanto surpreendentes, pois no ano 1997, segundo a estimati-

4. Os dados referentes às licenças de construção de edifícios e fogos indicam uma grande dinâmica da construção no início do século XXI.



va da população residente constante do Anuário Estatístico oficial de 1998, Chaves teria um pouco mais de 40.000 habitantes (40.280 habitantes), acusando um decréscimo populacional⁵. Uma situação que é comum a todo o território do Vale do Tâmega que tem um declínio médio de 7,7%, enquanto os municípios de Boticas, Montalegre, Ribeira da Pena, Valpaços e Vila Pouca de Aguiar viram diminuir a sua população na última década do século XX em mais de 10%.

Por isso temos de duvidar do crescimento de Chaves, a menos que exista um enorme fluxo imigratório como se poderá deduzir do saldo migratório⁶.

Todavia, a chegada de novos imigrantes, tal como se subentende do número de pessoas que residiam noutros municípios nos anos 1991 e 1996⁷, deveria produzir um rejuvenescimento da estrutura etária, mas isto é algo que não se reflecte no saldo natural e que deveria suceder. Assim, os dados estatísticos de 1997 mostram uma situação de claro envelhecimento e estagnação demográfica, como se pode apreciar no quadro 11.

Quadro 11. Estrutura demográfica e saldo natural no ano de 1997

Município	Taxa natalidade	Taxa mortalidade	% menores de 15 anos	% maiores de 65 anos	Índice de dependência
Chaves	9,7 por mil	11,8 por mil	15,9	17,3	49,9

Fonte: Anuário Estatístico de 1998, INE

5. A consulta dos Anuários Estadísticos dos anos seguintes apenas revelou uma grande discrepância no ano de 2000, pois se em 31.12.1998 se estimavam 40.250 habitantes, em 1999 voltou-se ao valor de 1997 e em 2000 chegou-se estranhamente aos 42.893 residentes.

6. O saldo natural negativo (-474 indivíduos, 1.457 nascimentos e 1.931 óbitos) para o período compreendido entre 1997 e 2000 aponta também neste sentido.

7. Segundo as estimativas do INE há mais de 2000 pessoas recenseadas em Chaves no ano 2001 que não estavam recenseadas neste concelho nos anos de 1991 e 1996 e que não nasceram neste período de tempo.

Por consequência, temos um município que é muito semelhante ao resto do interior rural da euro região, mas com um centro mais dinâmico, que é a cidade de Chaves. Em qualquer caso não pode resultar um dinamismo tão grande como o que se refere na revista local *Meios&Desafios*:

*Chaves tem um índice de atractividade igual ao litoral mais atractivo e superior à média do norte do país e do continente. O concelho viu a sua população crescer 6,4 por cento, apesar do saldo entre nascimentos e mortes ser negativo...*⁸

Podemos encontrar uma interpretação mais lógica quando avaliamos o número de pessoas e de alojamentos de uso secundário ou de férias. Assim temos quase 500 pessoas que se enquadram neste conceito e sobretudo 7.346 alojamentos num total de 25.222; ou seja, um terço dos alojamentos são de uso temporário, ao que se deverá acrescentar os mais de 2.000 que estão por ocupar; valores em contradição com os do censo de 1991 onde o número de casas desocupadas quadruplicava as de segunda residência.

Esta situação pode-se alterar desde que se completem todos os projectos europeus que estão em marcha no âmbito do INTERREG, num total de quinze. As forças políticas locais estão conscientes das novas possibilidades que se abrem como consequência da integração europeia. Assim consideram que Chaves é:

Um espaço próximo da fronteira, redescoberta do espaço de fronteira, antes esquecia-se as terras de fronteira mas ... numa Europa sem fronteiras, os espaços fronteiros são mais importantes...

Chaves tem de ser uma zona de localização empresarial atractiva...

Contexto do país e as relações com a Galiza...

